areal

revista cultural de Sada

nº 25

decembro|2022

A. S. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

editorial

25 números de *Areal*. Un horizonte que albiscabamos tremendamente lonxe cando iniciamos esta andaina. 25 números nos que a nosa revista cultural, núcleo arredor do que xira a AC Irmáns Suárez Picallo, foi evolucionando e acumulando temas. 25 números imposibles sen as achegas das persoas que tecen as súas palabras e moldean as súas ilustracións. Imposibles tamén sen a axuda económica de comerciantes e institucións, que permiten a súa distribución de balde. Temos, pois, moito que agradecer. Mais, como o 25 é o número que asociamos ás vodas de prata, o que queremos hoxe celebrar é, por riba de todo, o casamento de *Areal* coas súas lectoras e lectores, que son quen, ao cabo, lle dan sentido a esta historia. Para todas e todos vós, este número 25, comezo, agardamos, doutros tantos.

edita
A. C. Irmáns Suárez Picallo · Sada

coordinación e maquetaxe
Manuel Pérez Lorenzo

consello de redacción
Rubén Anido Regueiro, Claudia Varela Lourido, Laura I. Pita Campos, Carlos Babío Urkidi, Mercedes Leobalde, Manuel Pérez Lorenzo

Imaxe das capas
Pezas do ceramista Pérez Porto no seu taller.
Fotografía de Javier González Garrido

revisión lingüística
Mercedes Leobalde

impresión
Lugami Artes Gráficas

depósito legal
C 3217-2010

ISSN
2254-8688

tiraxe
1000 exemplares

contacto
info@suarezpicallo.gal

www.areal.gal

areal
revista cultural de Sada

A ENTREVISTA

Francisco Pérez Porto, ceramista: «quería demostrar que coa roda se fan máis que cacharros»

REDACCIÓN

Visitamos a Francisco Pérez Porto un mércores pola noite, na intimidade da súa casa de Osedo. Nunha vivenda centenaria que é moito máis que un fogar. É un lugar de creación –de creación constante e prolífica– e unha proxección do autor, que adornou a fachada coas súas características figuras polícromas e alberga no interior obras propias, puramente artísticas ou funcionais (as lámpadas, a impactante cheminea), e toda unha galería de curiosidades que nos falan dunha existencia entregada á arte. O ceramista recíbenos coa cordialidade que o caracteriza e condúcenos ata o último andar, que serve de biblioteca e estudio. Mentres percorremos este camiño ascendente –no dobre sentido da palabra– contemplamos unha inmensa parede ateigada de cadros, agasallos dalgunhas das figuras máis recoñecidas da plástica galega recente, moitos deles retratos ou caricaturas do anfitrión, que adquire así múltiples perspectivas. Chegamos, prendemos os aparellos e comezamos a conversa cun home que fala con honestidade e sen aditamentos innecesarios.

Eu na cerámica comecei como pintor. Toda a vida me gustou, sempre me chamou a atención. Cando vin que podía facer algo quixen aprender a traballar na roda, porque quería demostrar que coa roda se fan máis que cacharros. E fun a Buño, ensináronme a traballar coa roda e... claro, xa sabes que os galegos somos un pouco maliciosos. Dicíanme: «bah, este nunca vai chegar a nada». Pero eu as cousas, se me



poño, tómoas en serio. Saíu ben, fixen grandes pezas no torno. E despois murais e monumentos.

A cerámica integra a pintura no traballo escultórico.

P. Si, si. Eu introducín a pintura na cerámica. O primeiro que fixo cor neste país noso con pintura e cerámica. Entón iso fixo que outras persoas o fixesen, e eu encantadísimo.

Como te sentes máis cómodo, coa obra de vulto redondo ou cos murais?

Os murais gústanme moito. O que pasa é que é máis entretido, e máis arriscado, o do torno. Son esculturas en realidade, non?

De entre os monumentos que realizaches, e que ocupan espazos públicos, destacarías algún?

Pois sinceramente non. Hai cousas moi chulas pero... eu teño un problema: a min se alguén me encarga algo, fágoo, vou ver como se coloca por se ocorre algo –que é o normal–, e nunca máis vou. Non recordo moitos dos monumentos que fixen, parece mentira pero é así. Se un día paso no coche e vexo un monumento, nin paro. Digo «joder, que bonito», e xa está.

Á parte do traballo en si coa cerámica, outra faceta túa é a de deseñador... Da túa autoría é, por exemplo, o logotipo do Camiño de Santiago, coa cuncha en amarelo sobre fondo azul.

Si, fixen varios deseños por encargas oficiais. Ademais, eu calquera traballo o debuxo primeiro, sempre o debuxo.

Outra faceta, moito menos coñecida que a de artista plástico, é a musical.

Si (risas). O da guitarra. É que eu veño, pola parte de meu pai, de Ferrol, unha familia ben situada, e miña avoa tiña o título de virtuosa do piano. Entón sentábame no colo... Pero eu dicía «eu cun piano non podo andar por aí», porque daquela xa andaba nas tascas. Non bebía, eu na vida bebín, pero ía ás tendas, collía a guitarra e tocaba. Porque en cada tenda había sempre un montón de guitarras...

A parte de interpretar, compuxeches pezas da túa autoría?

Si, fixen varias cousas, pero de memoria, porque como tes sentido musical... Pero a min gústame o dos demais, cantar o dos demais. Iso de «esta peza é miña» non, iso non. Ata me dá a risa.



Na casa segues traballando habitualmente co torno.

Si, si. Non sei que estou facendo agora... Pero teño ganas de facer algo terrible outra vez. Antes de morrer, isto dígoo de verdade. Antes de morrer gustaríame deixar unha cousa terrible... Aínda que non guste, pero que se vexa que é un gran traballo.

Actualmente con que frecuencia traballas?

Todos os días. E se un día non traballo é que estou mirando todo. Revolvo, movo cousas para ver como están. Eu todos os días vou ao taller, téñoo aí

mesmo, no patio. Ímolo ir ver e sacádeslles unhas fotos a uns cacharros que fixen así grandes, desafiando aos oleiros, que creo que son agradables.

Moita xente coñece a obra de Pérez Porto porque posúe unha estética moi persoal. O que penso que a maioría descoñece é a túa relación íntima con Sada. Cal é?

Ningunha.

Sabía que ías dicir iso!

Como eu non ando... non son persoa coñecida en Sada, así dunha maneira popular... Vén xente ás ve-

«A min se alguén me encarga algo, fágoo, vou ver como se coloca por se ocorre algo, e nunca máis vou. Non recordo moitos dos monumentos que fixen»

ces, así como vides vosoutros, pero nada máis. Houbo un momento en que alguén quixo que fixese algunha obra aquí. Pero quedou en nada. E iso que en Sada unha obra de cor quedaba preciosa! Hai sitios de sobra para que a xente vexa un monumento de cores.

Como chegaches ti a vivir en Sada?

P. Pois coñecendo a Manola. Vin un día por Sada e púxenme a falar cunha rapaza, e resulta que a conversación aínda segue hoxe! (risas) E disto hai corenta anos! Porque eu son moi maior, eh! Pero moito. O que pasa que hai moita xente que non o cre. Eu nacín no ano trinta e oito, en plena Guerra Civil.

Outra faceta que te relaciona directamente con Sada é a colaboración con Cerámicas do Castro e con Isaac.

Isaac, cando eu fixen unha exposición en Santiago, ou xa non me acordo onde foi, foina ver e un día chamoume e díxome que quería que colaborase con Sargadelos, que lle gustaba o que facía. Entón eu díxenlle que encantado. Pero chegou un momento en que me dixo se eu quería meterme en nómina e eu díxenlle que non. Se me fun de Astano (eu estaba no Departamento Técnico) e o arrisquei todo foi porque prefiro traballar solto. Poder facer como queira eu, e dicir si ou non. Porque se estás nunha empresa tes que dicir si, e iso é un problemazo!

Para Sargadelos deseñaches varias pezas que se comercializaron.

Si. Fixéronse as que Isaac quería que fixese.

Ademais participaches tamén nesas experiencias didácticas que se organizaban cada verán desde a Escola Libre de Cerámica.

Si, durante anos. Agora non. Desde que morreu Isaac xa non quixen saber nada diso.

Que significa a figura de Isaac Díaz Pardo para a cultura galega?

Mira, Isaac Díaz Pardo, á parte do ben que me caeu sempre (porque era un «mala leche», pero a min encántame esa xente que se enfronta dunha maneira... da mala e da boa), para min Isaac representa Galicia. E dígoo sen problema ningún, aínda que me veñan galeguistas de onde lles dea a gana. Se non existira Díaz Pardo, Galicia non era o que é hoxe en día. Sería outra cousa. Era bo, era malo, era amable, non era amable... Ou sexa, era un tío perfecto. O único que lle faltaba era «talla» (risas). Ademais a min a xente intelixente gústame moitísimo. Ser intelixente é moi importante.

Como valoras a situación en que se atopa agora o Grupo Sargadelos, despois de que Isaac perdera o control da empresa, e o rumbo que decidiu tomar a xente que actualmente a goberna?

O que é agora Sargadelos é unha quincalla. Dígoo tranquilamente: é unha verdadeira quincalla. Estase salvando porque están vendendo aínda pezas das de antes, pero as que están saíndo agora dan risa. É que é incrible, como pode consentir unha Xunta de Galicia que se faga isto cun equipo de xente que dignificou a todo o noso contorno... Eu creo que é un negocio inmoral. É unha fábrica inmoral, sinceramente o digo. O que dirixe Sargadelos foi o que quixo meter no cárcere a Isaac. É que é o colmo! E que agora estea presumindo de intelectual... (risas) Menudos intelectuais!

Algunha idea, algún proxecto que che gustaría abordar nos próximos anos?

A min gustaríame facer algo en Sada, xa che digo. Non é que me atope maior, pero sei que non se dura o que che gustaría durar (risas). Esa é a realidade. Agora inauguráronme un museo en Covas, en Esmelle. Un museo moi chulo. Había unha casa en ruínas alí de planta baixa, de pedra toda, restaurárona e fixeron unha birguería. Para Sada eu pro-

«Prefiro traballar solto. Poder facer como queira eu, e dicir si ou non. Porque se estás nunha empresa tes que dicir si, e iso é un problemazo!»

«Para min Isaac representa Galicia. Se non existira Díaz Pardo, Galicia non era o que é hoxe en día»



puxera facer un mural iniciando o camiño inglés. Iso sería unha pasada!

En Sada si que tes unha obra, ademais icónica, que é a fonte en homenaxe a Castelao que hai nas Cerámicas do Castro.

Isaac un día colleume do brazo, levoume alí onde está a fonte, que non había nada, e díxome: «Quero que me fagas unha fonte para aquí. Non unha fonte de beber nin nada, unha fonte alta e que chorree totalmente». Debuxeilla e dixo, «Buaaa!» Inmediatamente xa me fun para Sargadelos a facela. Isaac tiña ese detalle de que se lle gustaba unha cousa... Agora tamén, se non lle gustaba, nin lle falaba! Facía ben, eh!

Logo dunha hora de conversa, apagamos os micrófonos e as cámaras. E a conversa continúa. Desandamos os nosos pasos, saímos da casa e adentrámonos no taller, onde conviven as pezas xa rematadas, as que está en proceso de elaboración e as ferramentas de traballo dun home que vive pensando formas e cores. Francisco Pérez Porto, mentres nos amosa o torno, o forno, os 'cacharros' que o teñen ocupado nas últimas semanas, insiste nunha teima que compartimos: unha gran obra súa na vila de Sada. Esa 'cousa terrible' que aínda ten pendente. E nós despedímonos ata a próxima deixando atrás unha realidade tan amable como a obra deste ceramista singular.

CLUB ATLETISMO SADA

O Club Atletismo Sada (CAS) é unha sociedade privada sen fins de lucro, cuxo principal obxectivo é a práctica deportiva por parte dos seus asociados, así como a participación en competicións oficiais.

É un Club novo, fundado no ano 1996, formado por catro sección: Atletismo, Triatlón (Trisada), Montaña (CAS Montaña) e Atletismo Adaptado.

Nestes primeiros anos, os obxectivos centráronse en dous aspectos fundamentais:

- O traballo con nenos con idades comprendidas entre os 4 e os 16 anos.
- O traballo coas categorías comprendidas desde Sub18 ata Máster.

O espírito do Club é motivar aos mozos na práctica do deporte desde idades moi temperás para crear hábitos sans e saudables. Centrouse na captación de nenos en categorías Sub10, Sub12 e Sub14, chegando a ter actualmente máis de 350 nenos na súa escola de atletismo.

Satisfainos, principalmente, o ter conseguido manter un alto nivel de motivación entre eles, asumindo as sesións como algo lúdico, orientado ao xogo e afastado do que puidera entenderse como sesións de adestramento orientadas á competición.

Actualmente, é un club cun volumen de licenzas dos máis grandes de Galicia (con máis de 400 atletas federados) e segue traballando con grupos de atletas non federados que participan nas carreiras populares, transmitindo a filosofía do deporte e a saúde por todo o territorio.

Ademais, conta cun Proxecto Social xunto con Obra Social La Caixa e outras entidades, no que o CAS veu desenvolvendo unha importante actividade os últimos anos que lle valeu o Premio ONCE Galicia en 2018 e o Premio Galicia de Agaxede 2016, polo traballo co deporte inclusivo e o deporte adaptado.

Algúns dos eventos organizados polo CAS son:

- A Carreira da auga de Sada, coa que se recada diñeiro para UNICEF. Conta con circuítos desde os 100 metros para os máis pequenos ata os 10 quilómetros para os adultos. Tamén hai a posibilidade de facer a modalidade andaina, de 3 a 11 quilómetros. Nas últimas edicións recadáronse case 7.000€ a favor á causa.
- Colaboración co Club Deportivo Civitas, organizando xornadas de formación, integración e compañeirismo. Este é o segundo ano que nos visitan desde Gran Canaria para pasar unha semana cos nosos grupos de atletas federados e de deporte adaptado.

Por fin Magdalena conta cunha colección de Celtia, O Castro e Sargadelos

JOSÉ LUIS MEIRÁS

A artista, escritora e enfermeira galega Loli Beloso realizou no Museo Histórico e Centro Cultural «Abel Barragán» de Magdalena a presentación da colección que doará ao patrimonio cultural desta pequena cidade bonaerense. Trátase dun conxunto diverso e significativo, que inclúe xogos de té e café de distintas series de Porcelanas de Magdalena fabricados en Celtia S.A.; esculturas seriadas de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane; pezas de O Castro e Sargadelos; rocas talladas, tecidos e xoias da súa autoría; así como diversos libros e documentos sobre os fundadores do Laboratorio de Formas de Galicia e a fábrica ceramista en Magdalena. Con esta doazón toma materialidade un traballo de rescate e investigación colectivo en relación co proxecto industrial e cultural que se dinamizou recentemente na comunidade de Magdalena e que constitúe un elo clave na modernidade cultural galega do posfranquismo. A mostra permaneceu aberta ao público con visitas guiadas durante o mes de setembro.

Loli Beloso viaxou por terceira vez a Magdalena para realizar unha exhibición do seu traballo en xoiería e edicións en relación co legado de Carmen «Mimina» Arias de Castro e Isaac Díaz Pardo, fundadores nesta vila bonaerense da fábrica Celtia e dos cales foi amiga. Esa mostra, que se realizou entre o 16 e o 21 de agosto no salón de actos e exhibicións do *Concejo Deliberante* de Magdalena, reuniu unha serie de pezas de xoiería que a artista realiza a partir de pezas rotas de Porcelanas de Magdalena, así como diversas pezas e documentos alegóricos ao legado de Isaac e Mimina, aos que a artista expresa unha profunda devoción. As xoias de Loli, alén de teceren un legado e ponte cultural, tamén se realizan a beneficio da loita contra o cancro.

Logo de finalizada a exposición na sala do *Concejo Deliberante*, o día 22 de agosto, xustamente ao se cumprir un novo aniversario do nacemento de Díaz Pardo, Loli Beloso sorprendeu a público e funcionarios municipais co despregamento de pezas que non mostrara alí e que reservou para o momento de inaugurar a Sala Isaac Díaz Pardo e Carmen Arias de Castro no Centro Cultural e Museo Histórico de Magdalena, algo que impulsou a poder de tesón, e que permite desde agora que o legado de Celtia en Magdalena teña tanxibilidade e deixe de ser soamente un conxunto de testemuños orais e imaxes rescatadas.

A doazón inclúe varios xogos exquisitos de té e café de Porcelanas de Magdalena; o «Gaucho» de Luís Seoane, unha das pezas fundamentais das experimentacións do Laboratorio de Formas en Magdalena, pero nunha produción seriada de Sargadelos; as «botellas antropomórficas» de Isaac Díaz Pardo, cuxas figuras ocas representaban campesiños galegos; un xogo de café ao estilo Bauhaus dedicado a Magdalena pero xa deseñado en Sargadelos por Isaac; debuxos; testemuños manuscritos; libros e catálogos sobre a obra de Díaz Pardo e Seoane; alén dun conxunto de pezas alegóricas, como xoias, tecidos ou pezas de pedra cos símbolos de Celtia e O Castro tallados.

Loli Beloso despregou no seu paso por Magdalena unha sorte de instalación emotiva, singular e notable de arte contemporánea. Moveu co seu impulso a xestión cultural oficial local e logrou por fin dotar a Magdalena dunha colección que materializa o rescate do proxecto cultural industrial modernista

máis importante levado a cabo nesta pequena cidade bonaerense, alén de fotograma clave na recuperación da memoria cultural de Galicia na segunda metade do século XX.

A mostra estará aberta ao público a partir do sábado 10 de setembro, os sábados e domingos con visitas guiadas ás 18 h.

Petrov

MANUEL LUGRÍS RODRÍGUEZ

A Coruña, 26 de setembro de 2022

Hai 39 anos. Tal día como hoxe, a esta hora da noite, nesta mesma terra que estamos a pisar, o ser humano e o que chamamos civilización, ou mesmo a configuración física do propio planeta, comezaron a vivir unha nova etapa da súa existencia.

Estas palabras semellan unha apóstrofe apocalíptica, pero non. Non. Ese día 26 de setembro do 1983 estivemos a piques de pasar dun outono dourado da sonata de Paul Verlaine a un inverno posnuclear evocado no estarrecer infernal da voz de Tina Turner coa mítica música de Maurice Jarre «Alén da cúpula do trono». Porque ese día houbo un heroe, un verdadeiro salvador do mundo. Real, moi real. Non peliculeiro dunha desas historias de berros grotescos, carreiras e finais felices. Non. Eran tempos de grande tensión política no ámbito da chamada «guerra fría». Un incidente cun barco coreano por parte da Unión Soviética, a teima dos Estados Unidos por instalar mísiles con oxivas atómicas nos seus estados mandados da Europa continental, a interminable loita de dominio imperialista de ambas as dúas potencias en América do Sur, Asia Oriental, Africa etc.

Pero vamos a esa noite que ben poderiamos alcuñar como a noite N. Pasaba case un cuarto de hora logo de que soaran as doce. No centro de observación e vixilancia nuclear Serpukhov, a escasos cen quilómetros de Moscova, soaron todas as alarmas e púxose en marcha automaticamente o sistema de resposta establecido nos protocolos do exército soviético para esa situación. Un satélite de control captara o lanzamento dun mísil nuclear americano que tería o seu impacto en 20 minutos.

O tenente coronel Stanislav Petrov era o responsable de pór en práctica todos os pasos definidos e instrucións sistemáticas ordenadas para o caso. En linguaxe cursi e actual, proceder a un algoritmo finito que fose a resposta protocolaria que o alto mando político e militar tiña previsto para esta ocasión. En palabras claras: un contraataque nuclear que acabaría con TODO. E ese adverbio así, con maiúsculas: TODO.

Petrov, no fondo nixérrimo daquela noite, tivo a suficiente temperanza para aterse a manexar as dificultades con ese axibilidus de habelencia e mesmo de pícaro que o caracterizaba, e logo de deixar pasar un par de minutos sen apenas respirar, autoconvenceuse de que debía de tratarse dun erro e decidiu ignorar, en principio, as alarmas, polo que estaba a incumprir as ordes da cadea de mando e agardar, aínda sendo sabedor das graves consecuencias que o agardaban se non estaba no certo. Pero pasou o tempo e a cada minuto que seguía sen noticias era un minuto máis de vida para el e para a humanidade. E así chegou ao final da súa quenda de garda e ao relevo con regularidade e co saúdo case formal de «Sen novidade». O día 26 de setembro foi un máis da «guerra fría», día anónimo, cos cativos no colexio, os adultos traballando e os xubilados agardando o remate da súa existencia. A guerra no Líbano continúa coa normalidade tráxica do acostumado, a ETA en Euskadi e o IRA en Irlanda, o Deportivo que perde en Riazor co Tenerife e consolida o seu posto de pechacancelas en segunda división, os clásicos problemas de obras e arranxos nos colexios ao abrirse o curso, anticiclón con ceos despexados e cartas ao director defendendo o uso do galego, sobre o nudismo na praia de Barrañán e política e máis política de taberna. Pero do afastado «incidente» nu-



Stanislav Petrov [futureoflife.org]

clear da noite anterior nada se di nas follas dos diarios, palimpsestos que poderían borrar todos os seus contidos dese día e substituílos por unha soa frase: «Hoxe todos somos Stanislav Petrov».

Xa que a realidade fora que o Sol, a Terra e o satélite de vixilancia se aliñaran de tal xeito que este último confundira a luz solar reflectida nas nubes co lanzamento dun mísil. As autoridades soviéticas non se deron por enteradas ou non quixeron dar noticia do feito, mais as escasas referencias que se fixeron posteriormente ao asunto titulárono «Equinoccio de Outono», tapándoo, deste xeito tan poético, uns e outros para non alarmar máis a opinión pública co perigoso xogo das ameazas nucleares, que son algo máis ca unha simple intimidación, son coma o triscar nas pedras da fin do mundo os pezuños dos cabalos da apocalipse.

O heroe foi esquecido, retirado xa do exército tras o desmembramento da URSS, e morre o 19 de maio de 2017 cunhas concisas liñas na prensa lembrando aquel 26 de setembro en que o Home deu comezo a unha segunda vida que non sabemos canto durará.

Pero a vida continuou e os humanos naceron, creceron, amaron, odiaron e morreron desde aquel día até hoxe. Canto tempo máis? Non sabemos, pero entrementres estamos na obriga de ser o que somos: unha especie viva que quere dominar a natureza do seu planeta pero que non ten nin todo o tempo nin toda a intelixencia para facelo da forma mais idónea. Debemos ser inquilinos deste mundo, pagando unha renda, pero non okupas sen titulo de propiedade. O planeta non é noso, somos un elemento material máis del e reproducirnos é un deber do que estamos dotados nos sentimentos e na libido que portamos dende o principio do tempo. Así, anos máis tarde daquel 1983 relatei un pequeno contiño que, coido, recolle algo disto último que acabo de expor e sucede nunha noite de festa ao remate dunha das verbenas que se celebran en toda Galicia no plástico verán de orquestra, foguetes e amores primixenios. É a breve historia de Ela e de El, e di así: «Collidos pola man, na virazón mareira da noite, a correren entre a touza que ourela a gándara, fixa no recendo de correolas, chuchameles e cabrinfollas en tapiz tépedo de mañanciña longa, viñeron camiño adiante do prado que baixa da ponte. De lonxe chegaban os metálicos sons da orquestra tanxendo o seu monorrítmico repenique de batería desde o campo da feira, esgotados na suor de po e verbena do verán e envoltos na amortuxada luz dos focos calados na estrada, á outra beira dos boedos.

Ela parouse, pousou mainamente o seu brazo... El tamén se detivo. Permaneceron quedos, ollando a escuridade que luía mansamente a torre da igrexa e o día policromado que guilaba ao seu encontro. Moveron paseniñamente as cabezas e as dúas miradas fundiron unha mesma visión, descubríndose en penumbra como única forma de vida. Sentir a respiración, a calor dos seus corpos, o bafo ardente dos degoiros e o silencio dos pensamentos. Achegáronse un ao outro ata aloumiñar as súas lixeiras roupas nun estremecemento acendido de sensacións. El anicouse, descansando as mans nos seus ombreiros nus e envolvéndose con forza nun beixo apaixonado, cinguindo, na súa engolemia, aqueles seos e aquela cintura de desexos.

Caeron á herba sentindo na carne a alporizante humidade da leda rosada da noite. Ela aliviou os dedos nas súas meixelas e, coa punta das unllas, rañoulle a pel da faciana até desabotoarlle a camisa, abranguendo nos seus brazos, unha aperta arredor das costas. El levantoulle con tento a faldra, careixándolle as nádegas, a levar as mans, sen apenas contacto perceptible, á peluxe do amor. Ela apremeulle o sexo ledamente, enlevando a pube do chan e deixándose penetrar nun goio lene, de súpeto todo pleno de luz, claridade en ronsel de cores, luzada total da noite estrelecida nos seus corpos de pracer. Foron uns momentos, uns minutos de plenitude, de afogo na noitebra do estío, de orquestra do campo da feira, de torre da igrexa luída mansamente na escuridade. A terra estremecida baixo as súas roupas, o céspede esmagado pola éxtase...

Un laio, un xemido quedo nos confíns do tempo, mais aló da virazón errante...

O repouso do pracer satisfeito.

El bicou ledamente o seu corpo espido na verdecente gándara...

Ela levantouse.

Tiña présa.

Era xa tarde, moi tarde.

Próximo o abrente, cruzaron a ponte e chegaron á estrada collidos pola man.

En silencio.

Oíndo os pensamentos, sen ver os ollos, entrelazadas as súas ansias nas escasas flores da gabia, e nas pegadas do camiño xa comestas polo vento...

Despedíronse.

Era o amencer e a xente voltaba da festa, alegre polas corredoiras xa ao remate do baile, na doce friaxe da mañanciña mareira.

E aquel día acabou a súa primavera nunha alborada de agosto».

Isto foi posible grazas a eses intres de temperanza que, nuns interminables minutos dunha noite anónima de 1983, resistiu o tenente coronel ruso Stanislav Petrov nun búnker escuro da inmensa Unión Soviética, só, ateigado de responsabilidade terminal, da vida posta en parangón cunha dúbida que pairaba sobor da súa mesma existencia e foi quen de desobedecer ordes definitivas e salvarnos a toda a Humanidade, sabendo que no caso de erro, someteríase a unha última especie de ordalía abordada, de seguro, coa mesma serenidade e firmeza que tivo nos intres decisivos daquel día de setembro: enteireza, imperturbabilidade e valor, moito valor.

Desde estas liñas, permitídeme que faga un chamamento para reivindicar a figura de Petrov, vilmente esquecida e a quen, seguramente, debemos a vida todos nós. E máis cando agora ditadores e políticos de salón con alfombra e moqueta cálida botan pola boca con absoluta frialdade o posible do uso de armas atómicas, que denominan «tácticas», é dicir, que en vez de matar un millón de persoas soamente matan trescentas mil de cada «chupinazo». E tan tranquilos. Tomas de televisión, xornalistas de cámara, lambecús profesionais e toda unha grea de chupatintas con nómina a fin de mes que mesmo son quen de rir esas frases de trasfondo apocalíptico que soan a unha parusía da fin dos tempos cabalgando nos cabalos da morte entre nubes negras de sangue o odio.

E coa emoción en reivindicar a Petrov, suxiro a idea de darlle nas cidades, vilas ou mesmo aldeas da nosa Galiza soberana o seu nome a rúas, prazas ou ruelas, cunha simple frase baixo o seu nome: *Salvador das nosas vidas*.

A miseria como castigo

Represión económica e laboral na Sada da Guerra Civil e da primeira posguerra

MANUEL PÉREZ LORENZO

O día 23 de xullo do ano 1936, a vila de Sada era tomada por unha columna do exército procedente de Betanzos. O municipio, caracterizado nos anos previos polo seu dinamismo político e social, pola forte implantación do sindicalismo anarquista e o control da administración municipal polo republicanismo moderado, quedaba agora en mans dos militares sublevados. A partir de entón, comezaba a pórse en marcha un aparello represivo destinado a atemorizar, a infundir terror para inhibir calquera forma de disidencia. A crear, en definitiva, un novo Estado e un novo modelo de sociedade baseado na adhesión sen fisuras ao novo réxime. Un sistema implantado para salvagardar privilexios ameazados pola democracia republicana e polos procesos modernizadores iniciados ao seu abeiro.

A represión adquiriu un carácter multiforme. Ás persoas asasinadas sumáronse os encarceramentos, o exilio, as fuxidas ao monte, a estigmatización e a tortura física e psicolóxica... e tamén as sancións económicas, a imposición de traballos forzados, a depuración laboral, as incautacións. Fórmulas represivas todas que procuraban a anulación e o castigo do adversario no terreo económico e que adquiririan notable gravidade nun contexto de carestía ocasionado pola ineficiente xestión do novo réxime, polos gastos bélicos, e polas ausencias en moitos fogares motivadas pola propia represión e polas mobilizacións. Un contexto de crise que xa se viña arrastrando ao longo dos anos 30, como consecuencia do crac do 29, pero que se vería agravada durante a guerra e, especialmente, durante a posguerra.



AS SANCIÓNS ECONÓMICAS

Unha vez tomado o poder polos sublevados, a imposición de multas convértese nunha ferramenta recorrente como medida de coacción e como mecanismo recadatorio. Moitas corresponden a delitos comúns, dada a rixidez das novas normativas en materia económica e de orde pública. No marco do racionamento, que fixaba prezos e controlaba os mercados, a infracción das «normas de abastos» («vender pan a más precio del de tasa», «tenencia clandestina de trigo», «vender carne en día no autorizado», «negarse a vender pescado», «ocultación de carburo»...) implicaba multas a comerciantes e empresas que nalgunha ocasión acadaban as 10.000 pesetas e con frecuencia superaban as 1000, nun momento no que o salario medio diario dun home rondaba as 11 pesetas e o dunha muller as 6[1]. En paralelo, o estraperlo constituíase nun lucrativo negocio para uns poucos, dado que as cantidades asignadas resultaban insuficientes para alimentar un individuo.

Na España do nacionalcatolicismo, tamén é perseguida calquera actitude que se considere ofensiva contra a relixión do Estado. En xullo de 1942, Carmen Montero Aradas, Estrella Montero Barreiro, Carmen López Barral, Manuel Carballeira Muñiz, Antonio Carballeira Pérez, Eduardo López Barreiro, Juan López Barral e José Muñiz Chas, veciños de

As escolas de Sada y sus Contornos, incautadas polos sublevados á sociedade de emigrantes sadenses en Nova York que as edificou nos anos 20. Fotografía de Francisco Varela Posse [Cedida por Fina Varela]

Meirás, eran multados por «blasfemos»[2]. O estrito control social exercido polo réxime levaba, aínda despois de rematada a guerra, á imposición de sancións por viaxar sen salvoconduto ou á obriga, por parte das salas de cine, de proxectar os Noticiarios Cinematográficos Españoles NO-DO, instrumento de propaganda do réxime. O cine Royalty era penalizado con 250 pesetas por non facelo en 1944[3]. Non manifestar adhesión ao novo réxime tamén era castigado, e os servizos de investigación e vixilancia contaban con poderosas ferramentas para detectar actitudes punibles. Algúns exemplos: Elena Sánchez López era multada con 100 pesetas por «hacer manifestaciones en contra de las Milicias Españolas»[4]; Jacinto Babío Andrade, con 150 «por no saludar al Himno nacional»[5] e Antonio Pardo Domínguez e Manuel Rodríguez Suárez, con 250 por proferir «frases molestas para la Falange»[6]. As actitudes consideradas inapropiadas diante das forzas da orde ou a autoridade tamén obtiñan castigo. Por «irrespetuosa con el alcalde» era sancionada María Bedoya Picos (50 pesetas.)[7]; por desacato á autoridade, Manuela Canle Guitián (50 pesetas.)[8]; por «escándalo y blasfemo e insolentarse en la comisaría de policía», Manuel Pérez Rey (500 pesetas)[9]; por «insultos y resistencia a un guardia», José Zapata Casado (50 pesetas)[10]. Outros eran multados por «provocadores» con 500 pesetas[11] ou, máis insólito, «por flamencos y bravucones, empleando ademanes incorrectos», cunhas considerables 500 pesetas[12].

O Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas, as diversas autoridades (desde os alcaldes aos gobernadores civís) e a xustiza militar tamén empregarán as penas económicas para castigar individuos pola súa tendencia ideolóxica ou antecedentes políticos. É o caso do exconcelleiro exiliado Pedro Villacampa Méndez, sancionado con «seis años de inhabilitación especial para el desempeño de cargos públicos, de mando, confianza y directivos», ao que se engadiu o embargo de todos os seus bens ata outubro do 1941, cando terminou de aboar unha cuantiosa multa[13]. Tamén o alcalde republicano Antonio Fernández Pita foi multado, cunha sanción de 100.000 pts. en concepto de indemnización «al Tesoro Público de los daños causados por la rebelión de que tomó parte»[14], nun exercicio de xustiza inversa ao considerar «auxilio a la rebelión» o feito de se ter mantido fiel á legali-


AL ESTADO

5.ª CLASE 5 PESETAS *Parte superior para entregar al interesado*

G1176954

Multa de quince pesetas impuesta por el Excmo. Sr. Gobernador civil de la provincia en resolución de primero último, a Manuel Carballeira Muñiz, de Meirás, por blasfemo.

Sada julio ocho de mil novecientos cuarenta y dos

El Gobernador

Complementa este pliego los dos correlativos en orden, de la misma clase.

5ª CLASE

Documento cedido por Amable Carballeira

dade vixente fronte aos militares golpistas. A multa, unha verdadeira fortuna, era un mal menor neste caso, pois sumábase a unha pena de morte que era executada en novembro de 1936.

Outros sancionados serían José María Fajardo Prieto (curiosamente nomeado alcalde de Sada poucos anos despois) e o seu cuñado Tomás Muñoz Barrientos, que en 1941 tiveron que pagar cada un 500 pts. «por sus antecedentes y desafección al actual régimen»[15] e, dous anos despois, outras 1000 pts por celebrar reunións no local do Pósito de pescadores sen autorización do Goberno Civil[16]. O maquinista de navío Marcelino Orro Vieiro, en prisión, tamén vería embargadas as súas propiedades ata ter satisfeito o pagamento dunha multa[17]. A Carmen Sabio Calvo (a.) «Pasionaria» seríanlle impostas varias multas, unha delas de 250 pts. por desafección, que tería que pagar malia atoparse nunha situación económica crítica porque o seu marido estaba agochado na propia casa; unhas circunstancias que, unidas ás vexacións públicas ás que foi sometida, levárona ao bordo do suicidio[18].

A INCAUTACIÓN DE PROPIEDADES PRIVADAS

Outra forma de castigo consistiu na incautación de propiedades privadas a persoas consideradas desafectas, un traballo que recaía na Junta Provincial de Incautación de Bienes. É o caso da vivenda do dirixente exiliado de Izquierda Republicana Eugenio Pazos, un inmoble que servía tamén como local para os seus negocios de ultramarinos, funeraria, carpintería, aseguradora e sucursal bancaria. En novembro de 1937, o pleno da Corporación municipal valoraba destinala a comedor asistencial xestionado por Falange. Acordábase que «en caso de que no aparezca otro más adecuado, se solicite del Exmo. Sr. Gobernador civil Presidente de la Junta Provincial de Incautación de Bienes de la provincia, que permita instalarlo en una casa [...] de D. Eugenio Pazos Pereiro, sujeta a expediente de incautación»[19]. O edificio remataría finalmente en mans privadas. Tamén –cando menos– os veciños de Sada José María Abruñedo Gómez, José Antonio Suárez Alonso, Manuel Temprano Casal, Francisco Babío Mollón e Antonio Salorio Anido foron sometidos a expediente de responsabilidade civil por parte da Comisión de incautacións[20].

Do mesmo xeito, os sublevados apropiáronse do edificio das escolas de Sada y sus Contornos, un magnífico palacete construído pola sociedade do mesmo nome, radicada en Nova York, cos fondos achegados durante anos polos emigrantes sadenses[21]. A escola, que era laica e baseaba o seu modelo educativo nos preceptos pedagóxicos máis modernos, sería pechada, e o edificio dedicado a acuartelamento. Durante algún tempo, funcionou tamén como albergue para repatriados de Falange, como recollía a prensa en 1940:

> En un tranvía, cedido generosamente por la Compañía, los expedicionarios se trasladaron a Sada, donde el gobernador civil, señor Aspe Vaamonde, ha puesto a la disposición de estos compatriotas un acogedor chalet, que antiguamente estuvo destinado a los emigrados de Sada en América y actualmente estaba dedicado a escuela pública, y que ha sido habilitado primorosamente por las camaradas de Auxilio Social de La Coruña y Sada. Servirá de ahora en adelante para albergar a los españoles repatriados de allende el Atlántico, y a este efecto se introducirán notables mejoras que lo harán más cómodo y confortable.[22]

A Sociedad Sada y sus Contornos nunca recuperaría a súa propiedade, e o alumnado sería distribuído polas escolas nacionais, atopándose en ocasións con graves problemas á hora de se adaptar a un modelo de ensino abertamente confesional.

Ás medidas anteriores habería que sumar as numerosas apropiacións de terras levadas a cabo con motivo da adquisición do pazo de Meirás para obsequio do ditador Francisco Franco en 1938[23]. A superficie da parcela na que se ergue o famoso edificio era ampliada mediante a toma pola forza de numerosos terreos, algúns dos cales constituían o principal medio de vida das persoas que os traballaban. No mesmo proceso, a familia Babío Portela perdía a súa casa, integrada agora dentro do complexo do pazo.

Un mariñeiro de Sada fuxido a territorio republicano concedía unha entrevista á revista *Nova Galiza* no ano 1937. Parte da súa declaración dedicábaa a expoñer a situación económica na que quedara a súa vila, e que el atribuía, entre outras causas, á incautación de divisas procedentes de América: «A probeza é moi grande, e nin siquera poden

remediala un pouco os cartos que veñen da América. Os feixistas incáutanse do diñeiro que mandan os emigrados»[24]. Durante o transcurso da guerra, tamén se limitou a cantidade de ouro e prata que podían gardar os particulares no seu domicilio, practicándose rexistros para incautar o metal que excedese o establecido. É o caso que segue:

> En Sada (Coruña) y siendo las diez y nueve horas del día siete de Junio de mil novecientos treinta y siete los Agentes Auxiliares, Baldomero Rodríguez Márquez, Enrique Celeiro Vinader y Manuel Illanes Parga [...] han procedido a efectuar un registro en el domicilio que es propiedad de D. Ramiro Pérez Mollón, sito en la calle de Barrié de la Maza – nº 14-1º, con objeto de averiguar si poseía más cantidad de plata, que la autorizada a particulares, dando por resultado negativo.
>
> Habiendo encontrado en cambio, una moneda de veinte dollars, de los Estados Unidos de América (ORO), y catorce monedas de ORO españolas de veinticinco pesetas cada una.
>
> Dichas monedas fueron halladas en el fondo de una «caja fuerte» y dentro de una bolsita de paño. [...]
>
> De dichas monedas, nos incautamos, para ponerlas a disposición del Sr. Comisario Jefe de Investigación y Vigilancia en unión de este documento.[25]

As incautacións, forzosas ou disfrazadas de achegas voluntarias que non eran tal, tamén afectaron a instrumentos de traballo e medios de transporte. En 1938 a Sección Femenina de Falange instalaba un taller para confección de roupa para os soldados. A prensa daba conta instando ás mulleres de Sada a cooperar co seu traballo e engadía unha «petición»:

> También se espera de todas las personas que posean máquinas de coser, las aporten cuanto antes a esta patriótica tarea y las envíen al local de dichos Talleres, contribuyendo de este modo a que sea un hecho innegable la aspiración que debemos tener todos de que nuestra villa pueda confeccionar la ayuda material a los combatientes en la categoría que le corresponde.[26]

Con motivo da chegada de Franco á súa residencia de verán de Meirás, o Concello dispuña a obrigatoriedade de que todos os particulares que posuísen vehículos de tracción mecánica os empregasen para transportar a veciñanza ás portas do pazo, onde era preceptivo facer acto de presenza para amosar adhesión ao ditador[27].

TRABALLO PROHIBIDO E TRABALLO OBRIGADO

Outra forma de represión máis complexa e non menos eficaz foi a represión laboral, capaz de anular a autonomía dun individuo ou de abocar unha familia a ter que facer uso dos sistemas asistenciais. A nova concepción do Estado nacionalsindicalista impuña a obrigatoriedade de afiliarse ao sindicato único a todo aquel que quixese traballar e percibir un salario, como advertía o alcalde nun bando do 9 de setembro de 1936: «para la admisión de obreros y empleados de todas clases y oficios en las obras y talleres y establecimientos industriales, fabriles, etc. se estimará como condición preferente, y hasta necesaria el estar afiliado a la Central Obrera Nacional Sindicalista»[28].

Ademais, dado que as medidas represivas se aplicaba con carácter retroactivo, vetábase a posibilidade de desempeñar determinados empregos a aqueles que se tivesen destacado nas formacións políticas e sindicais de esquerda durante a etapa final da República, logo da vitoria da Fronte Popular. En Sada, fíxose efectiva a prohibición de traballar na pesca para un número significativo de mariñeiros, abocados a buscar outro medio de vida, como reflicte o seguinte bando de Alcaldía:

> No podrán salir a la mar ningún tripulante de buque mercante, sea cual sea la navegación que efectúe o la clase de pesca a que se dedique, sin efectuar antes la Comandancia o Ayudantía de Marina una revisión de la personalidad de dicho tripulante. [...]. Se procederá a su desenrolamiento y no serán revisadas las libretas a aquellos individuos que desde el día 16 de febrero del año actual hasta el presente, hayan asumido el cargo de delegados de Sociedades o Sindicatos obreros.[29]

Desta situación daba conta tamén o mariñeiro fuxido a campo republicano: «Os armadores botan dos aparellos a todos os que se houberan señalado como simpatizantes das ezquerdas. Así quedan moitísimos homes na miseria».

A administración pública local tamén foi «depurada», perdendo os seus empregos os traballadores que no pasado se distinguiran pola súa militancia en formacións esquerdistas ou simplemente

Vivenda con locais comerciais propiedade do dirixente republicano Eugenio Pazos Pereiro, incautada polos sublevados [Cedida pola familia Pazos]

manifestaran simpatías por algunha. Polo Delegado de Orden Público da provincia e a petición do Delegado local, Emilio Molina, foron destituídos en agosto do 1936 o médico do 2º distrito, Eduardo Orozco Wais, por ser «afiliado al Partido Socialista de Sada»; o oficial 2º do Concello, Jenaro Prego Campos, porque «militó en el antiguo partido ORGA y en la actualidad pertenecía a Izquierda Republicana»; o recadador e depositario do Concello José García Pita, por militar no PSOE, e o porteiro interino do Concello, Aniceto Pérez Casal, «por considerarlo opuesto al movimiento iniciado por el Ejército salvador de España». Ademais, por determinación da Delegación de Orden Público de Ferrol, perdían os seus traballos Andrés Caramés Gómez, garda municipal, e José González Montoto, garda do cemiterio, ambos «por sus relaciones con el Frente Popular de Sada, e incumplimiento de sus deberes profesionales»[30].

As prazas vacantes produto desta «depuración» eran cubertas por individuos vinculados ao novo réxime, servindo a represión laboral no ámbito da administración pública como un medio de promoción dos que se significaran polo seu apoio aos sublevados. O novo médico do 2º distrito sería Antonio Posse del Río, quen destacara nos meses previos polo seu apoio público aos sublevados e a súa participación activa na organización de subscricións a favor do exército, e a quen numerosas testemuñas vinculan cos asasinatos extraxudiciais levados a cabo en 1936. O posto de oficial 2º do Concello recaería na oficial 3ª, outorgándoselle a praza que deixaba esta última a María de Diego Gómez, filla do Delegado de Orden Público de Sada, Eustaquio de Diego, e unha das principais dirixentes da Sección Femenina de Falange. Recadador depositario, con capacidade para nomear axentes recadadores de impostos, pasaba a selo o comerciante Eduardo Barros Barbeito, peza chave na posta en marcha das subscricións en favor dos sublevados. Xa por último, para o posto de porteiro interino era designado Manuel Pérez Varela, irmán dun falanxista morto no afundimento do cruceiro Baleares.

Ademais, á hora de concorrer a concursos para cargos na administración municipal ou en calquera organismo de carácter público, conferirase prioridade aos afiliados de Falange e aos familiares directos de falecidos ou combatentes no exército sublevado. Así o proba unha resolución da corporación municipal do 1938 na que se concede a praza de porteiro do Concello a Fernando Couceiro Prado facendo valer que é «hermano de dos combatientes, afiliado a F.E.T. y de las JONS y alumno de 4º año de Bachillerato»[31].

Mesmo a comisión de maiores contribuíntes de cada parroquia, constituída para elaborar o repartimento de utilidades e, polo tanto, cunha finalidade fiscal, era sometida a depuración en febreiro de 1937. Os «vocales natos», nomeados polo Concello en función da súa riqueza, eran cesados no caso de teren simpatizado coa Fronte Popular. Deste xeito, eran remprazados por outros os vogais Manuel Canle Arévalo, de Carnoedo, Marcelino Muñiz Caridad, de Meirás, Román Fariña Blanco, de Osedo, e Luis Seijo Mosquera, de Soñeiro[32].

Un sector especialmente castigado foi o profesorado. Á marxe do asasinato do mestre de Souto, Rafael Fernández Casas, paseado en agosto de 1936[33], todos os docentes foron sometidos a investigación. Os «expedientes de depuración» resolvéronse favorablemente na maior parte dos casos[34]. Algúns mestres, os menos, mantiñan coherencia ideolóxica co novo réxime. Outros deberon amosar explicitamente a súa adhesión para evitar represalias. Alejo Candocia Seoane, mestre de Sada, malia terse afiliado a Falange, non puido evitar que lle fora imposto o «traslado dentro de la provincia con la prohibición de solicitar cargos vacantes durante un año»[35]. O mestre de Taibó, en Carnoedo, Rodrigo González González, sufriría a mesma sanción, se ben co traslado fora da provincia e por un período de cinco anos, e co engadido da «inhabilitación para el ejercicio de cargos directivos y de confianza en instituciones culturales y de enseñanza»[36]. O propio Fernández Casas foi castigado coa «separación definitiva del servicio y baja en el escalafón correspondiente» en setembro do 1940, cando xa levaba dous anos morto[37].

A memoria oral tamén fai referencia de forma recorrente ás condenas extraoficiais, impostas polos sacerdotes, que obrigaban a realizar traballos forzados aos familiares dos represaliados ou a redimilos con cartos. Dous exemplos atopámolos en Meirás e en Sada. No inverno, os párrocos obrigaban algunhas veciñas e veciños a reparar os camiños que conducían ás respectivas igrexas, que, coas chuvias, se facían intransitables. Como alternativa, podían pagarlle a alguén para que fose no seu lugar. O mesmo mariñeiro fuxido a territorio republicano daba conta desta circunstancia:

> En Sada, e en moitos sitios, «as autoridades» fan traballar á xente gratis... E siquera fose xente folgada e ben mantida! Mariñeiros que estiveron toda a noite no mar, e que moitas veces volven sin peixe, han de ir a traballar polo día nesas «melloras» que queren faguer, aproveitando a tiranía, a conta do corpo dos probes. Somente se libran os que se poden redimir con cartos. O que non os ten para se manter, ten que ir a se desmellorar nas melloras, sen gañar un codelo. Os patróns teñen que presentar a lista dos que van e dos que non van a eses traballos; é dicir, teñen que denunciar aos que faltan. Doutro xeito non lle arreglan o rol para poder saír ao mar.

SUBSCRICIÓNS BAIXO COACCIÓN

Durante a guerra, foron frecuentes as recadacións de fondos para diferentes fins (para o exército, Falange e os seus servizos asistenciais etc.), que non eran a priori obrigatorias, pero podían tachar de disidente ao que non figurase nas listas convenientemente publicadas na prensa. Por exemplo, a celebración do denominado «día del plato único», que consistía na supresión dun prato da comida habitual dun día da semana e a entrega dos cartos á Sección Femenina de Falange, era entendida como unha proba de adhesión ao réxime. Así o demostra un bando no que se informa dunhas disposicións do alcalde de Sada, Toribio Pollán Nieto, nas que anima a veciñanza a colaborar con «esta noble empresa» e realiza a seguinte advertencia: «Lamentaría tener que incluir a ningún sadense en las listas negras que por orden del señor gobernador general se formarán con los malos patriotas que nieguen su concurso a esta obra tan humanitaria como patriótica»[38].

Obviamente, a voluntariedade deste tipo de achegas era simbólica, e os fondos recadados bastante cuantiosos. Posteriormente, mesmo se establecería a imposición de multas para os veciños que debesen cotas do «plato único», segundo se dispoñía nun bando de alcaldía[39]. En xuño de 1937, o alcalde novamente convidaría os sadenses «a que acudan cuanto antes a la suscripción abierta» para «adquirir un ACORAZADO que sustituya al ESPAÑA», e advertía:

> Que no quede un solo ciudadano del término municipal de Sada sin acudir con su aportación, por pequeña que sea, para tan simpático como bien ganado homenaje a nuestra Gloriosa Marina de Guerra, ya que, su negativa podría interpretarse

> como desafección al GLORIOSO MOVIMIENTO SALVADOR DE NUESTRA AMADA PATRIA.[40]

O veciño de Sada Jacinto Babío Andrade era obrigado a pagar 25 pesetas «por rechazar en forma grosera el emblema de Auxilio Social», outra ferramenta recadatoria, neste caso coa guerra xa concluída[41].

As recadacións destinadas ao exército sublevado, encadradas dentro da denominada Suscripción Nacional, deberon ser importantes, segundo se deduce das listas de doazóns publicadas na prensa. Da súa análise pódese deducir axiña que non todos os doantes participaban por convicción ideolóxica, senón baixo coacción e na procura de evitar a acción represiva sobre eles mesmos ou sobre familiares. Debe ser o caso de Ceferina Pita, que realizaba un donativo en agosto mentres o seu fillo, o exalcalde republicano Antonio Fernández Pita, estaba sendo xulgado nun procedemento que o levaría ante un pelotón de fusilamento, como vimos. Ademais das achegas persoais, a Suscripción Nacional tamén se nutriu de descontos nas nóminas dos traballadores do sector público e de detraccións no ámbito da empresa privada. A flota de pesca de Sada, que constituía un dos principais sectores da economía local, entregou durante os anos da contenda o 1% das súas ganancias[42].

Outro elemento que se observa das listaxes é a presenza de determinados estereotipos discursivos do réxime nas anotacións que se xuntaban ao donativo, nas que se establecía o motivo do mesmo ou a intención do doante. Podemos así ver como calaran xa nunha parte da sociedade unha serie de ideas e conceptos sobre os que se estaba a construír o corpus doutrinal dos sublevados. En primeiro lugar, destaca a gran cantidade de doantes que asinan como «un español», «una española», «una verdadera española que no da más porque no puede al querido Ejército!», «una familia muy española», «una patriota», «una entusiasta de España» ou fan alusións á unidade do estado, exclamando «por España», «¡Arriba España!», «¡Viva España!», «por nuestra madre España»... en contraposición sempre cun pasado recente que se identifica coa desintegración da nación e cun inimigo caracterizado como a «anti-España», o que non deixa de ser significativo, dado que durante os anos previos á guerra non se visibiliza en Sada ese españolismo exacerbado no discurso público. As alusións ao exé-

ELIXIR ESTOMAC

SAIZ DE CAR

bandera el bizarro y antiguo tradicionalista orensano, capitán médico señor Gómez Sanz, padre del referido teniente, al que contestaron entusiásticamente los "requetés", sellándolo con las palabras reglamentarias y conforme a su divino ministerio, el magistral de la Habana, distinguido compostelano, don Andrés Lago Cizur. Después el mencionado capitán, que usaba el ya histórico sable usado en la campaña carlista por el célebre caudillo general Cabrera, hizo la cruz con dicha arma en la bandera, que fué besada, uno a uno por los "requetés". Y seguidamente, también uno a uno, pasaron por debajo de la referida enseña dispuesta en pabellón. Durante este acto, que fué presenciado desde los balcones del Palacio Consistorial por las autoridades civiles y militares, la banda municipal interpretó marciales y patrióticas marchas.

Y se hizo luego el desfile de los "requetés" hacia su cuartel, que resultó muy lucido, y cada vez entre mayores aclamaciones populares.

Al señor arzobispo, que no pudo asistir por hallarse en la fiesta de la Basílica, le representó el canónigo señor Ruiz Rueda. También concurrió el vicesecretario del Cabildo don Angel Gutiérrez, capellán de los "requetés" de Compostela.

Esta tarde, a las seis y media hicieron un desfile por las principales calles de la ciudad, entre aclamaciones del más subido entusiasmo patriótico.

REY ALVITE

De Sada

ENTREGA DE SUSCRIPCION PATRIOTICA

La comisión de señoritas de esta villa que con gran entusiasmo y franco éxito ha recorrido la villa y parroquias del término municipal solicitando donativos y víveres para el Ejército salvador, a cuya invitación ha respondido el vecindario, logrando alcanzar un importantísima cantidad de pesetas y víveres, se trasladó ayer a La Coruña para hacer entrega en el Gobierno civil de la recaudación que para el ejército se obtuvo en esta villa. Dicha comisión la componen las bellísimas señoritas María de Diego, Mary Vicente, Mariucha Cimadevila y Mary Castañeira.

A las muchas felicitaciones que está recibiendo la comisión unimos la nuestra.

DOLENCIAS

Desde hace días se encuentra guardando cama, aunque por fortuna no es de gravedad la dolencia, el ilustrado teniente de la Guardia civil retirado y delegado de Orden Público don Eustaquio de Diego Martín.

Hacemos votos por su total y franco restablecimiento.

DONATIVOS PARA EL EJERCITO LIBERTADOR DE ESPAÑA

(Lista núm. 2.—Continuación)

Sres. don Angel López Vidal, 15 pesetas; niños de Freire por España, 5; doña Dolores Franco viuda de Fernández Chás, 25; un español, 2; don Antonio Majón Viqueira, 10; un español, 15; doña Carmen Prado viuda de García, 15; Francisco y Elena, 6; doña Antonia Pita, viuda de Barral, 10; don Francisco Castro, 25; un amante del orden y para España, 200; doña Laura Díaz, 0,50; doña Juana Barros Barbeito, 20 pesetas; una española, 3; don Francisco Riveiro Otero, 10; doña Eduarda Vida, 15; don Angel Vázquez Varela, 20; ¡Arriba España!, 5; por nuestra madre España y su Ejército, 5; una española, 5; una familia muy española ¡Arriba España!, 100; en memoria de Calvo Sotelo, 5; Glorita Taibo Villacampa, 1; una española, 0,40; para España, 10.

Pepe Díaz Fernández, 1; una familia española, 10; una patriota, 25; una española, 2; una patriota, 1; señorita María Vicente, 5; señora viuda de Vázquez, 50; una entusiasta de España, 75; don Miguel Sanjurjo, 10; señora de Herrero Troncoso, 5; don Antonio Babia Vecino, 5; por la Patria, 10; don Francisco González, 10; una contrario del Frente Popular, 7; viuda de Matos, 1; Paca Martínez, 2; un simpatizante, 5; un español, 5; doña Manuela Abad, 10; una española, 1; don Antonio Posse del Río, 100; doña Irene Muñoz, 5; doña María García Díaz, 15; doña Josefa Jaspe, 2; doña Juana Puga, 5; doña Carmen Ponte, 2; doña Gloria García, 5; doña Eduarda Vila, 0,20; don Crisanto Andrade, 7; C. V., 2; una española, 5; por la Patria, 10; una española, 25; una española, 2; Pepucha Fernández, 1; doña Josefa Gameiro, 0,20; don Antonio Fernández Vila, 10.

(Continuará)

A. Pita Varela

GALICIA CLINICA

Nos complacemos en acusar recibo del número actual de esta interesante publicación, en la que colaboran las más interesantes firmas de nuestra medicina y cuyo interesante Sumario detallamos a continuación:

La Voz de Galicia, 16/08/1936

rcito son tamén frecuentes, con sinaturas como «un niño, por los soldados», «una entusiasta del Ejército», «por el Ejército español»... Tamén hai varias doazóns en homenaxe a Calvo Sotelo, omnipresente no discurso do novo réxime, e outras achegas asinadas por «un simpatizante» ou «un contrario del Frente Popular», que perseguían o encadramento explícito dos doantes no bando reaccionario e, polo tanto, fronte ao adversario.

Ás subscricións mencionadas sumaríanse outras en paralelo, todas co obxecto de nutrir o exército sublevado ou os servizos postos en marcha polo partido único. Todas salvo unha: a Suscripción Pro-Pazo del Caudillo, que tiña por finalidade sufragar a adquisición e reforma do pazo de Meirás para a súa entrega a Franco como Xefe de Estado. O Gobernador Civil, en calidade de presidente da Junta Pro-Pazo, ordenaría aos concellos da provincia que recadasen unha cantidade estipulada, obrigando á veciñanza a contribuír. Sada, municipio no que se localiza o propio pazo, non ficaría á marxe. Outra carga máis que terían que soportar os seus habitantes.

* * *

En definitiva, a represión económica nas súas diversas modalidades, as incautacións de bens e as achegas coaccionadas, ferramentas todas para o financiamento dos rebeldes e o enriquecemento e promoción dalgúns individuos, axudaron á anulación do adversario e supuxeron unha pesada lousa para moitas familias nun contexto xa de por si dramático.

[1] Vilar Rodríguez, M. (2004): «La ruptura posbélica a través del comportamiento de los salarios industriales: nueva evidencia cuantitativa (1908-1963)», *Revista de Historia Industrial*, nº 25.

[2] *El Ideal Gallego*, 24/07/1942.

[3] Id., 22/02/1944.

[4] Id., 07/04/1937.

[5] Id., 09/01/1940.

[6] *La Voz de Galicia*, 13/09/1942.

[7] *El Compostelano*, 05/02/1942.

[8] Id., 15/04/1941.

[9] *El Ideal Gallego*, 05/11/1942.

[10] Id., 15/05/1940.

[11] Id., 06/07/1942.

[12] Id., 04/07/1942.

[13] *El Compostelano*, 08/10/1941.

[14] Arquivo do Tribunal Territorial IV, sumario nº 721.

[15] *El Compostelano*, 10/12/1941.

[16] *La Voz de Galicia*, 03/06/1943.

[17] *El Compostelano*, 09/03/1942.

[18] Babío Urkidi, C., Pérez Lorenzo, M. (2017): *Meirás. Un pazo, un caudillo, un espolio*, Santiago de Compostela: Fundación Galiza Sempre.

[19] Arquivo Histórico Municipal de Sada (AHMS), Goberno, Concello, Libros de Actas, 384.

[20] *El Ideal Gallego*, 29/04/1937.

[21] Gayoso Barreiro, M. (2008): *1928-2008. Sada y sus Contornos. 80 aniversario da escola*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.

[22] *La Voz de Galicia*, 05/03/1940.

[23] Pérez Lorenzo, M. e Babío Urkidi, C. (2022): *Meirás, un pazo para el Caudillo*, Vigo: Cumio.

[24] *Nova Galiza*, 20/09/1937.

[25] Arquivo do Reino de Galicia (ARG), Fondo Goberno Civil (FGC), Expedientes de asuntos económicos, G-3943.

[26] *La Voz de Galicia*, 13/05/1938.

[27] AHMS, Goberno, Alcaldía Maior-Ordinaria, Bandos, 1415.

[28] Id.

[29] *La Voz de Galicia*, 11/09/1936.

[30] ARG, FGC, G-2934.

[31] AHMS, Goberno, Concello, Libros de Actas, 384.

[32] AHMS, Goberno, Concello, Libros de Actas, 384.

[33] López Soto, A., Pérez Lorenzo, M. (2021): «Rafael Fernández Casas. Maxisterio e asesinato do mestre de Souto», *Cadernos de Estudos Locais*, Sada: AC Irmáns Suárez Picallo.

[34] *El Compostelano*, 22/12/1938 e 23/12/1938.

[35] *El Compostelano*, 03/10/1939.

[36] *El Compostelano*, 09/07/1940.

[37] *El Compostelano*, 30/09/1940.

[38] AHMS, Goberno, Alcaldía Maior-Ordinaria, Bandos, 1415; e *La Voz de Galicia*, 18/11/1936.

[39] AHMS, Goberno, Alcaldía Maior-Ordinaria, Bandos, 1415.

[40] Id.

[41] *La Voz de Galicia*, 06/12/1939.

[42] *El Ideal Gallego*, 23/04/1938.

A movida sadense na primeira metade da década dos anos 80

CARLOS BABÍO URKIDI

Era 1979 e a discoteca Saxo de Sada publicitaba con carteis nas rúas de Sada a organización dunha eliminatoria do concurso televisivo que presentaba José Luis Fradejas, «La Juventud baila» dentro do programa *Aplauso* e que emitía a que daquela era a única televisión do Estado español. Desde o Saxo tiñas a oportunidade de poder participar nunha das finais que o programa de TVE gravaba na mítica discoteca Joy Eslava en Madrid.

Pechábase ese ano unha década de movida sadense e comezaba a marabillosa década dos 80, que era na realidade unha evolución da década dos 70 no que á movida se refire, na cal unha nova xeración estaba a se reivindicar co seu propio estilo, a súa propia música, a súa propia imaxe. Sada non será allea a estes cambios, nos que verá transformar os locais de divertimento desta nova xeración, os cales atraerán xentes non só de Sada senón de fóra tamén. Sirva este humilde artigo para lembrar algúns feitos relevantes desa primeira metade dos 80 en Sada, uns anos en que a afamada movida deixou unha forte pegada na memoria das persoas que a viviron.

Coa chegada dos primeiros anos 80 o pop vai ser o protagonista en Sada. É difícil atopar un concello galego que neses anos reunira tantos concertos —e de tanto nivel— como o concello de Sada. E haberá dous motores organizativos determinantes que converterán este concello mariñán nun epicentro do pop e do rock. O primeiro, como xa viña acontecendo desde finais da década dos 70, a Asociación de Cine Castelao, que tiña como sede o lembrado Moby Dick de Modesto Pena «Lito». O segundo dos motores, e sen dúbida máis importante na historia recente de Sada no que ten que ver coa organización de concertos, foi a discoteca Auditorium, que sorprenderá coa cantidade, e sobre todo coa calidade, dos concertos que organizou na curta etapa en que estivo en funciona-



ASOCIACION DE CINE
CASTELAO
SADA

D. Isidro MAROÑO MUIÑO

SOCIO N.º 70

El Secretario,

El Presidente,

Carné correspondente ao ano 1978 da Asociación de Cine Castelao. O nome da Asociación resposta á afección de Modesto Pena "Lito" polo cine e ás primeiras actividades que desenvolveu a sociedade. O nome de Castelao fora proposta doutro socio fundador da entidade, Xosé Ramón Pena. [Cedido por Isidro Maroño]

mento.

I FESTIVAL DE ROCK «CIDADE DE SADA»

Como xa se comentou, o festival organizouno a Asociación de Cine Castelao de Sada no antigo campo de fútbol da Chaburra os días 9 e 10 de abril de 1982 e, segundo se fixo público, o obxectivo do certame era «fomentar a música rock en Galicia e fóra dela a través dos nosos grupos profesionais e amantes de Galicia». De feito, as bases establecían un premio en metálico de 40.000 pesetas «para o mellor conxunto en idioma galego».

A organización foi todo un éxito e a afluencia de público aos concertos superou todas as previsións dun Festival que foi conducido por un «moderno» Manuel Manquiña e por Amelia González e no que gañou un grupo donostiarra denominado naquel momento como Los Aristogatos e que posteriormente serían os Duncan Dhu de Mikel Erentxu, xunto a Bar (Vigo) e Alcool (Compostela). No Festival participaron tamén Los Suaves e Revólver. En total, 24 grupos de Galiza e de Euskadi.

A SALA AUDITORIUM

Durante a década dos anos 70 a sala de festas El Moderno, localizada na rúa Linares Rivas de Sada, viña xa combinando as actuacións ao vivo de grupos e orquestras coas sesións de discoteca que naquel momento dirixía un DJ de Sada de moito prestixio como era Pepe Fernández. Durante os primeiros anos da década dos 80 o establecemento mudaría de nome, pasando a denominarse sala de festas Baco.

Mais a partir de 1984 xa nunca máis funcionará como sala de festas. Será totalmente reformada e converterase na discoteca Auditorium, na que se organizarán entre os anos 1984 e 1985 os mellores concertos de todo o país. De feito, o grupo que inaugura a sala será La Unión, que naquel momento arrasaba co seu disco Mil siluetas, do que formaban parte cancións coma *Sildavia* ou *Lobo-hombre en París*.

Hai dous acontecementos na sala destacados por Carlos Gómez, un dos xestores e afamado DJ da década dos 80, e concretamente nos anos que a discoteca Auditorium funcionou en Sada. Carlos ten gravada a lume a data do 2 de febreiro de 1985, xa que actuou nesa sala Alaska y Dinarama. «Ese día —cóntanos Carlos— metemos 5.000 persoas dentro da sala. E outras 4.000 ou 5.000 quedaron fóra, na rúa». E non era para menos. Alaska y Dinarama acababan de sacar un dos discos máis míticos en todas as pistas de baile, *Deseo carnal*, no que se inclúen cancións que bailaron en discotecas todas as xeracións da época e posteriores, como por exemplo *Cómo pudiste hacerme esto a*

Amelia González e Manuel Manquiña durante a presentación do I Festival de Rock "Cidade de Sada" organizado pola Asociación de Cine Castelao no desaparecido campo de fútbol da Chaburra [Fotografía cedida polo autor]

Olvido Gara "Alaska" nunha actuación en directo na década dos 80 [Los 40 Clasicc]

Anuncio que publicitaba o festival Novo Pop Galego na prensa e unha imaxe do mesmo (abaixo)

mí, *Ni tú ni nadie* ou *Un hombre de verdad*.

Outro dos acontecementos que destaca Carlos Gómez é a organización do primeiro gran festival pop, que «non se organizou na Coruña senón en Sada, e isto é importantísimo». E o certo é que non lle falta razón. Naquel ano de 1985 o Festival de Benidorm decidira darlle protagonismo ao pop e organizara, xunto á emisora Radio Cadena Española e RTVE, unha serie de eliminatorias por todo o Estado español co fin de seleccionar os grupos finalistas que competirían na final de Benidorm. Pois ben, o Festival «Novo Pop Galego» converteuse na realidade na final galega que seleccionaría o grupo que pasaría á

final en Benidorm, e que se celebrou o 17 de maio dese ano de 1985. A final galega organizarase en Sada nesa mítica sala Auditorium o sábado 4 de maio coa competición entre oito grupos, na que resultou vencedor Aerolíneas Federales, grupo galego referencial do pop dos anos 80.

O Festival «Novo Pop Galego» chegou á sala Auditorium de Sada tras outras preclasificacións —en total foron preseleccionadas 21 maquetas presentadas por grupos galegos da época— e foi transmitido integramente en directo por Radiocadena Galicia a través das súas emisoras na Coruña, Vigo, Ourense e Monforte, para o cal RNE prestou o apoio técnico necesario.

A gravación do festival consérvase nos arquivos da delegación galega de TVE, xa que se emitiu no programa que se realizaba na desconexión territorial chamado «Galicia, hoxe», como ente público coorganizador do evento en Sada. Do festival imprimíronse máis de mil cincocentos carteis, que foron distribuídos polas dez cidades e vilas de Galiza con mais poboación.

Uns días despois da celebración do festival, Nonito Pereira escribía a toda páxina no xornal *La Voz de Galicia* unha completa crónica do acontecido nun festival no que faltaron os grupos Terminal Norte e Semen Up —a banda de Alberto Comesaña—, que xa actuara anteriormente na sala o 1 de decembro de 1984 e que daquela arrasaba co porno-pop de cancións como *Lo estás haciendo muy bien*. Nonito describía esta fase final do Novo Pop Galego afirmando «que respondeu á expectación previa», cunha «sala chea ata os topes».

Outra das curiosidades na breve pero intensísima historia desta sala foi a actuación dunha combinación de membros de dúas bandas de grande éxito naqueles anos dos 80 como eran Siniestro Total e Os Resentidos baixo o nome de Sonny Boy & The Williamsons —icónica banda do blues e do rhythm and blues— cunha actuación emulativa previa de Joliet Jake Blues, Elwood Blues e Steve «The Colonel» Crooper (Blues Brothers), sobre un fondo con diapositivas do porto da Coruña realizadas por Vari Caramés, Luis Carré, Xoán Piñón e Xurxo Lobato, das que Nonito Pereira destacaba noutro artigo do evento para *La Voz de Galicia* que foran moi «aplaudidas polo público». Esta *performance* fotográfica co concerto de Sonny Boy and the Williamsons tivo lugar nesta sala, baixo a promoción da UIMP e a *Revista Atlántica La Naval*, o 30 de xullo de 1985.

En menos dun ano de vida da sala Aditorium pasaron por alí, entre outros grupos, Golpes Bajos, Os Resentidos de Antón Reixa, La Polla Records, Kortatu ou incluso Objetivo Birmania, que segundo nos conta Carlos Gómez viñeran contratadas «polas xuventudes do que logo sería o Partido Popular, as 'Nuevas Generaciones', que arrendaran a sala para a actuación».

Na primavera de 1985 a sala organizou a que denominou a «I Concentración de Arte-Pop», desenvolvida en 24 horas que combinaron música, escultura e pintura. Os grupos que participaron foron: Vía Oral (Compostela), Cuadros Malvendidos (Ferrol) —que xa actuaran na sala en febreiro dese ano como abreconcertos de Alaska y Dinarama—, 39 Escalones (Ferrol), Terminal Norte (Ferrol), Parafernalia (Compostela), Desaprensivos (Vigo), Los Malditos Azules (Compostela), Meridiano Cero (Madrid), Ribeiro Chungo (Compostela), Enfermedad Renal (Compostela) e Séptima Convocatoria (Lalín). Participaron os pintores Sardiña, Seara, Braxe, Dastin, José e Salgado, e tamén expuxo o escultor Guillermo Feal. O evento presentárono Manolo Ferreras, de RNE 3, e Nonito Pereira, que naquel ano presentaba un programa na desaparecida emisora Antena 3, e en previsión da masiva asistencia de público a sala reservara o Curruncho de Sada para acampar e mais o albergue da praia de Gandarío.

Tras o peche de Auditorium en 1985, parte da sala abrirá brevemente como discoteca e outra como sala de festas Oasis. Da súa posterior reforma nacerá na segunda metade da década dos 80 outro local mítico en Sada —e moitas lembranzas para moita xente— como foi a discoteca Baroke.

.

OS LOCAIS DA MOVIDA DA PRIMEIRA METADE DA DÉCADA DOS 80

Como xa se comentou, os locais de Sada irán adaptando a súa iconografía aos gustos nas novas xeracións que desprazaban os xa non tan novos gustos psicodélicos do final da década dos 60 e dos 70. Por exemplo, nas discotecas e locais vincu-

Isidro Maroño "Cidre", persoeiro mítico da hostalería sadense nos anos da "movida" no tamén mítico local Moby Dick de Sada (Fotografía cedida por Isidro Maroño)

Unha festa de entroido na discoteca Grecos"de Sada (Fotografía cedida polo autor)

lados coa movida dos 70 era moi común atopar un apóstrofo final saxón que irá desaparecendo na década dos 80. Un exemplo disto atopámolo en Sada na discoteca que co paso do tempo se convertería máis lonxeva da vila, ata cumprir os 47 anos de apertura ininterrompida (do 1972 ao 2020).

Coa chegada da nova década, o Grecor´s pasará a chamarse Grecos. Modificará o logotipo e realizará diferentes reformas para adaptar a sala á nova movida dos 80. O Grecos viviu nesta década como discoteca referencial dos primeiros anos da coñecida como «xeración EXB» (a EXB, ensinanza xeral básica, era o plan de estudos implantado no sistema educativo español entre os anos 1970 e 1990). No caso do Grecos cúmprese case de xeito escrupuloso a adaptación ás diferente mudanzas da movida por décadas, xa que coa chegada dos 90 mudará novamente de nome e de logotipo, pasando a denominarse Kuac.

No caso do Saxo, que abrira as súas portas cinco meses antes que o Grecor´s en xullo de 1972 cambiará de domicilio e de nome antes de que a década dos 80 chegue ao seu ecuador, pasando a denominarse Clave 90. Vivirá novos días de éxito na segunda metade da década dos 80, anos en que a sala será totalmente reformada e, baixo o novo nome de discoteca Corre Ve y Dile, acollerá tamén algúns concertos de grupos galegos de éxito na época como foron Viuda Gómez e Hijos ou Los Limones.

Outra discoteca que mudará nome e decoración coa chegada dos 80 será El Corralito, na rúa da Praia, que pasará a ser a discoteca Manao. O Chiva´s, outra discoteca con apóstrofo de xenitivo saxón, pasará por diferentes xerencias e diferentes nomes. Así, na primeira metade da década dos 80 deixou a denominación de Chiva´s pola de Don Ángel, nome este vinculado á etapa en que o sadense Ángel Cortés arrendou este establecemento. Durante a segunda metade da década abriu durante algún tempo co nome da Boîte de Os Condes, ligado a un local de grande éxito da movida dos 80 que abriu no ano 1983 ao pé da praia de Gandarío (Bergondo). Os Condes, que conxugaba o espazo de discoteca con actuacións ao vivo nunha cafetería contigua, foi referencial na movida da década dos 80 e, debido á súa proximidade a Sada, sumaba un activo importante no divertimento da comarca.

Isto é so unha breve pincelada da historia das discotecas de Sada ou da súa zona de influencia na década dos 80, ás cales habería

Antonio Pérez e o DJ Carlos Gómez nunha festa de entroido na discoteca Os Condes no ano 1984

[Fotografía cedida por Antonio Pérez]

que sumar unha longa lista de pubs e bares que foron referencias e imprescindíbeis da movida Sadense, que van desde o Tuto, Victory, Dush, O2 ata locais como El Chiringuito ou o propio Moby Dick, e incluso unha carpa que a xeito de discoteca estivo funcionando na segunda metade da década dos 80 no inicio da avenida de Sada e Contornos.

Moitas persoas lembran estes anos con saudade; outras menos, debido ás molestias de aglomeracións, ruídos e algúns problemas de orde pública que a movida ocasionaba. Mais, en calquera caso, isto forma parte xa da historia de Sada.

Quedan moitas historias por contar, xa que aquí só se recolle unha pequena parte. Moita xente botará en falta moitos locais e moitos relatos vinculados a esa movida. Este artigo pretende unicamente lembrar algúns deles.

Aquel ano de 1979 remataba cunha eliminatoria na discoteca Saxo coa ilusión de poder chegar a esa final do programa *Aplauso* que TVE gravaba na Joy Eslava cando ía comezar a movida dos 80 en Sada. Falamos con Carlos Gómez, Dj estelar na nosa comarca na época e que, curiosamente, acabará traballando a finais dos 80 nesa discoteca de Madrid, a Joy Eslava.

Desaproveitada, descoidada e con taca-taca

MIGUEL MOSQUERA GARCÍA

Temos un elemento do patrimonio histórico único, e singular. Un edificio erguido ao carón das deshumanizadas estradas de Sada, que nos días nos que sae o sol reflicte tres cores diante do mar: o vermello, o verde e o amarelo. As súas vidreiras, con deseños modernistas que cegan a mirada de todo o que mira para ela, danlle identidade a todos os carteis das festas, á vila. As decenas de ornamentacións diferentes compoñen a súa fachada e o seu interior, e as cento e unha volumetrías que aparecen nos seus piares de madeira pintados ata os seus oito metros de altura. Todo un compendio de deseño xeométrico que evade o visitante a outra época.

Pero a Terraza de Sada é moito máis que toda a súa beleza estética. A Terraza é o exemplo de aproveitamento dun espazo ao longo de case un século de vida. É tamén, quizáis, o exemplo de transformación e adaptación dun edificio máis importante que exista talvez en toda Galicia. É un quiosco modernista, que desde o seu nacemento foi froito de ampliacións e redeseños motivados polo seu uso social, sobre todo social. Un pavillón art-nouveau que acolleu bares, cafés, restaurantes, bailes, eventos de todas as índoles imaxinables e por imaxinar. Aínda despois de rematar a súa vida na Coruña, foi trasladada onda nós, onde se seguiu modificando, ás veces pola necesidade e outras pola falta de atención que sufriu durante tantos anos ata o día de hoxe.

O edificio da Terraza, non é un pavillón que reformar. É unha oportunidade de restauración de Sada, do seu paseo, do inicio da posta en valor de tantos edificios históricos que embelecen as rúas da nosa vila e que lle dan sentido á nosa historia como sadenses.

Seremos nós quen de continuar adaptando a Terraza, dándolle vida, modificándoa, moldeándoa coas nosas mans como se fixo durante estes cen anos de vida? Ou morrerá coma nós, de vellos?

Escanea este QR para visualizar un modelo 3D da Terraza



MIGUEL MOSQUERA

As pandeiretas do alén mar

Paixón pola música de quen nunca pensara chegar tan lonxe

MARÍA XOSÉ PORTEIRO

Fina Gerpe visitou a casa familiar en Santa Comba o pasado verán. Lembramos como nos coñecemos ao pouco de eu chegar a Buenos Aires na primavera austral de 2007. Cando comecei a tratar coas persoas da colectividade galega en Arxentina e Uruguai tiven a sensación de sermos amigas de vello. Historias recorrentes, coincidencias vivenciais e a emoción por compartirmos a cultura de noso eran máis fortes que as cuestións administrativas ou protocolarias.

Daquela, a meirande parte de asuntos que se me presentaban viñan relacionados co recoñecemento da cidadanía para descendentes de persoas de orixe galega residentes no exterior. Outra demanda que reclamaba a miña atención eran as solicitudes de axuda para viaxes a Galicia, nomeadamente de persoas maiores e da xente máis nova, como tamén os cursos de galego, a asistencia a eventos organizados polas numerosas asociacións galegas de todo o territorio arxentino, xuntanzas con representantes de múltiples institucións, ou visitas ás instalacións e sedes dos nosos compatriotas para coñecer as súas necesidades. Había traballo dabondo para unha delegación que contaba cun equipo de persoal enormemente reducido.

Fican os bos recordos e a saudade de apertas, conversas, bágoas e risos compartidos. Quince anos despois sigo recibindo moreas de afecto cada vez que entro en contacto coa nosa xente do alén mar.

Nese contexto naceu a relación coas Cantareiras de Santa Comba de Xallas. Na primeira entrevista viñan pedir nada máis, e nada menos, que o recoñecemento da galeguidade para a súa agrupación. Non foi posible porque non reunían os requisitos que a lexislación prevé para estes casos. Aquela frustración segue comigo. Porén, o «enganche» coas mulleres de Santa Comba foi rápido e resultou profundo polo seu compromiso coa recuperación da nosa música tradicional.

Unha das lembranzas máis gratificantes que trouxen comigo de alá foi ver tantas mozas e mozos, xunto ás persoas de máis idade, facendo pasarrúas polos barrios ou polo centro das cidades. Ensaiando con rigor. Mantendo, e mesmo anovando, agrupacións fundadas moitos anos atrás. A tecnoloxía permitía o acceso á canle internacional da televisión e a radio autonómicas, onde eran frecuentes os programas relacionados coa nosa cultura, nomeadamente a musical. Ademais, a canle vía satélite da TVE emitía un programa «de culto» para toda a colectividade: *Galicia para el mundo*. Ambas as emisións víanse alá na televisión por cable e rara era a familia de orixe galega que non estivese conectada a unha ou ás dúas. Isto, que viña da man do auxe das discográficas e da aparición de numerosas agrupacións musicais na Galicia territorial, convertera a moita xente nova en demandante e consumidora de produtos culturais feitos en Galicia e propiciou un intercambio proveitoso entre as xeracións dos máis vellos e os máis novos.

As irmáns Gerpe fixéronme cómplice da súa teima por recuperar a pandeireta. Tiveron un local social en Maza e Rivadavia, no centro da capital arxentina, «ben posto, nos dez anos que pasamos alá puidemos chegar á altura de centros centenarios». Nunca esqueceron a súa procedencia do rural gandeiro «mamando e aprendendo o nome das vacas, o xeito de vestirse, o que se cantaba... Quen podía imaxinar que poderíamos facer todo este camiño chegando á altura de centros centenarios da colectividade, e todo a pulmón, porque as da comisión somos amas de casa, ou como moito comerciantes, e agora xa todas xubiladas».

Pasaron xa dezasete anos desde que comezaron a súa andaina pero non teñen intención de deixar

algo que lles gusta, ata o punto de seguiren practicando todos os luns nas instalacións que lles cederon no Centro Galicia. Disque ensaian «coma se estivésemos empezando». No tempo que levan andado fixeron máis de trescentas actuacións, dentro e fóra da colectividade galega, sen cobrar, «de pura vontade, *ad honorem*, sempre mellorando e ampliando o repertorio».

Uns días antes do meu regreso a Galicia, aló por abril de 2009, fun visitalas ao seu local. Tiñan de profesoras a Laura e Amneris Suárez. Chamoume a atención que fosen rapazas tan novas as que lles desen clase e comentaron que as fillas, netas e bisnetas estaban implicándose por conservar e difundir este tipo de música, ata entón agachada na memoria do fogar. Naquela altura era frecuente que algunha rapaza descubrise algunha pandeireta nun baúl ou nun armario entre as cousas da nai ou das avoas. Nalgúns casos aprenderon delas a tocalas, transmitíronlles as cancións, xeitos e costumes familiares, os comos e os candos daquel xeito de facer música que conservaran na memoria malia non parecer interesar aos musicólogos, aos directores de agrupacións de toda índole, aos caciques ou, en xeral, aos homes da colectividade.

Foi o encontro entre a xeración de Fina e a das rapazas máis novas o que deu pé á expansión dunha música que axiña comezou a ter e demandar tutoriais por internet. Xa non era preciso vir a Galicia para recibir o legado e quitarlle o maior partido posible. Os CD de Leilía tiñan unha demanda extraordinaria. Os programas de Luar, tamén. Bandas como Xeito Novo, a Escola de Gaitas do Centro Galicia, figuras da canción e do teatro como Lorena Lores ou Graciela Pereira, colectivos mozos como *Echando Raíces*, anovaban o panorama cultural e festivo do país de acollida e da propia colectividade.

As Cantareiras de Santa Comba crearon un grupo para desfrutar dunha sabedoría ancestral, mais tiveron tamén a ambición de compartila co público. Confeccionaron o vestiario procurando unha certa uniformidade, dispuxeron dun amplo salón para as clases e os ensaios e, en relativamente pouco tempo, estiveron en condicións de participar en actividades que se facían en teatros, auditorios, ou ao aire libre. Comezaron a xirar por boa parte do territorio austral. Onde había un centro galego e algunha conmemoración era posible que as chamasen, e elas alá ían, levando o seu entusiasmo e o seu bo facer.

Sénteno de verdade e nótaselles: «Ensaiamos coma se estivésemos empezando. O repertorio sacámolo do que aprenderamos das nosas nais, das nosas avoas. Case todas nós nacemos alá. Cando o meu pai nos levaba no coche á escola, en Bos Aires, ía cantando, sabía todas as cancións da aldea. Igual lles pasou a moitas señoras que aprenderon desde pequenas nas súas familias. Aínda agora, cando nos xuntamos, sacamos unha estrofa, con Xabier, o compañeiro do grupo de pandeiros, e tiramos das cancións que temos na memoria. Nada de notas ou apuntamentos presentes: todo de memoria».

Co tempo tiveron que deixar o seu prezado local. «Somos todas persoas grandes —explica Fina—, se non dabamos de baixa a asociación non podiamos cos gastos». Mais tamén tiveron moitas alegrías: «Foi marabilloso cando nos recoñeceron como 'Galegas do ano' da Federación da Unión de Asociacións Galegas. Fíxonos unha enorme ilusión vernos nesa placa dourada, ou cando tocamos no Salón de Prata e no Salón Dourado da

Lexislatura de Bos Aires. Estas velliñas bailamos non hai moito no grande escenario do Centro Galicia e aínda cantamos!»

O entusiasmo non decae malia pasaren todas dos 70 e estaren algunhas chegando aos 90. «Non faltan ás clases. Onte fomos tocar á provincia, a dúas horas de viaxes da capital, e non faltou ningunha. Eramos vinte!» E presumen de Martín Frieiro Varela, profesor de canto, familiar do autor da Rianxeira, con 95 anos «e aínda un xunco, alto, delgado, nada encorvado».

As Cantareiras gañaron unha merecida sona de cumpridoras e boas profesionais. Dan cor, calor, simpatía e boa música alí onde van. Fan evidente que as mulleres galegas construíron, e constrúen, identidade e patria —ou, se cadra, matria— con esta música que en tempos estaba relegada ao ámbito privado e que xa vai ocupando o espazo que merece e se precisa: «Somos xente que viñemos co posto, o xustiño, cando a guerra ou antes. A moitas custáballes ler cando lles daba as letras das cancións e tiñan que memorizalas. E outras, coma min, que si puidemos estudar, nunca maxinamos que chegariamos a subir a un escenario. Moito nos prestou saír a cantar por fóra, xirar por todo o país facendo a nosa música. E sempre pagado do noso peto, sen subvencións».

Fina Gerpe despediuse da nosa conversa dicindo:

«Facemos isto de puro gusto porque nos chega de dentro. Cando tivemos o noso local o primeiro foi buscar unha profesora de pandeireta e chamamos a todas as miñas amigas, moitas nadas en Santa Comba, outras en Ourense ou Pontevedra... Algunhas fóronse xa para alí de onde non se volve e outras imos tendo unha idade tamén. É o noso camiño. Temos que seguir sen pensar canto nos queda».

Con esta lembranza dou testemuño da miña gratitude ás nosas mulleres na diáspora que simbolizo nas cantareiras de Santa Comba de Xallas: María Recarey, María Lema, Juana e María Josefa Gerpe, Carmen e Elisa Pardo, Josefa e Carmen Freijedo, Lola Picallo, Antonio Núñez, Maria Espasandín, Redosinda Rial, Ifigenia e Ramón Muiño, Sofia Negreira, Nora Moreno, Isabel Olivares, María Dolores Fábregas, Pasión Rodríguez.

Para todas elas: as máis novas, as do medio e as maiores. As que se foron e as que están. As visibles e as invisibilizadas. As que loitan e as que espreitan. Réndolles, deste xeito, unha sentida e merecida homenaxe coa esperanza de chegarmos a tempo para lles dar o gusto de actuar na Galicia peninsular. Velaí o seu máis sentido soño.

Cincuenta anos das Galerías Sargadelos

MARÍA AMÉRICA DÍAZ

As Galerías Sargadelos eran unha das importantes propostas que partiron do Laboratorio de Formas, un proxecto nacido no ano 1963 en Bos Aires, clave para a cultura galega do século XX e que foi produto do reencontro de Isaac Diaz Pardo e Luís Seoane na Arxentina. Ambos os intelectuais, motivados pola situación de desmemoria que estaba a sufrir Galicia nese tempo, iniciaron este rescate, a todos os niveis, da cultura galega. Dicía Díaz Pardo do LF: «Máis que unha institución, o Laboratorio de Formas é todo un movemento para axudar a Galiza.»

Os proxectos do Laboratorio de Formas comprendían:

- Recuperación de Sargadelos
- Ediciós do Castro
- Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside
- Seminario de Sargadelos
- Laboratorio de Industria e Comunicación
- Novo Seminario de Estudos Galegos
- Instituto Galego de Información e
- As Galerías Sargadelos.

As galerías de Sargadelos, propias ou con franquías, foron concibidas para poder vender os produtos das fábricas de cerámica do Castro e de Sargadelos sen depender de intermediarios, de distribuidores e comerciantes alleos, e controlar así todo o proceso das pezas, desde o seu deseño ata a súa comercialización.

Tamén para controlar a imaxe da marca Sargadelos e proxectar as ideas coas que foron concibidas as empresas, mediante a realización do deseño das galerías, do seu mobiliario, da súa organización espacial e do tipo de actividades culturais que se desenvolverían nelas.

Non estaban só pensadas como simples tendas, senón tamén como librerías e centros de divulgación da cultura galega que organizaban exposicións artísticas e da historia de Galicia, presentacións de libros, conferencias, recitais poético-musicais ou xuntanzas de colectivos culturais do país. De feito, durante moitos anos convertéronse en importantes centros dinamizadores de cultura nas cidades e vilas do país e en aglutinadoras das actividades culturais dos galegos en cidades como Madrid e Barcelona co obxetivo de poñer en valor o patrimonio galego.

A Galería Sargadelos de Barcelona abriuse no 1972 e estaba situada na Rúa Provença, entre Rambla de Catalunya e Passeig de Grácia. Inaugurouse cunha importante mostra titulada: O Libro Galego en Cataluña. Desde a súa apertura, converteuse nunha au-

CATÁLOGO DA 1.ª MOSTRA DO LIBRO GALEGO EN CATALUÑA

DO
17 DE MAIO
AO 17 DE
XUNIO
1972

Páx. anterior: Mostrador e vitrinas da antiga galería na fábrica do Castro | Catálogo da la Mostra do Libro Galego en Cataluña. Galería de Barcelona
[imaxes cedidas pola autora]

Portada do catálogo da exposición Presencia de Galicia. Galería de Madrid, 1975
[imaxe cedida pola autora]

Páx. seguinte: Exposición Presencia de Galicia. Galería de Madrid | Cartel da inauguración do edificio de Compostela en 2003 | Portada do Laboratorio de Formas nº 4
[imaxes cedidas pola autora]

téntica embaixada de Galicia en Cataluña, chegando a ter dous locais: un de librería galego-portuguesa e outro para venta de porcelana e salas de exposicións.

A propósito desta inauguración, este ano 2022, a Real Academia Galega compartía esta efémeride con motivo da celebración do Día do Libro:

> Do 17 de maio ao 17 de xuño de 1972 tiña lugar en Barcelona a denominada I Mostra do Libro Galego en Cataluña, patrocinada pola Galería Sargadelos. Esta exposición fíxose posible grazas á colaboración de institucións como a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Penzol, o Museo Carlos Maside e a Real Academia Galega. Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, membros da Academia, coa colaboración de Valentín Arias López, encargáronse da organización do evento.

Durante a década dos setenta sucederíanse mostras de Pesqueira, Laxeiro, Carlos Maside, Andrés Colombo, Castelao, Raimundo Patiño, Jesús Núñez, Agustín Pérez Bellas e Xaquín Marín, entre outros. A partir do 78, houbo diversas exposicións do grupo Atlántida. A programación ditábase dende o grupo Sargadelos, fundamentalmente dirixida por Díaz Pardo, e producíase a partir dos anos 90 no Instituto Galego de Información.

A Galería de Madrid abriuse tres anos despois da de Barcelona, no 1975, cunha exposición e un ciclo de conferencias titulados Presencia de Galicia, que sería recollida no cuarto tomo dos Cuadernos Laboratorio de Formas e onde pronunciaron conferencias Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell, Juan Rof Carballo e Rafael Dieste. A prensa faríase eco deste evento:

> *En Madrid se ha abierto una puerta a Galicia.*
>
> *A máis importante mostra galega que endexemais chegou á capital.*

No ano 1978, abríase a Galería de Santiago de Compostela, cunha exposición-homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos. Posteriormente, as galerías espalláronse polas restantes cidades galegas (Lugo, Vigo, Pontevedra, Ourense) e por algunhas vilas do país, e mesmo chegaron a Sevilla, Milán e O Porto. Co movemento empresarial ocorrido no 2006 que aparta a Díaz Pardo do grupo Sargadelos, as galerías foron diminuíndo a súa programación cultural e moitas delas acabaron pechando. Así é o caso de Milán, Porto, Barcelona e Madrid. Na actualidade non se segue esta liña cultural nas galerías existentes.

Unha obra sepultada. Un artista esquecido

CLAUDIA VARELA LOURIDO

Fillo de Manuel Lugrís Freire, coñecido político e poeta galego nado en Sada, Urbano Lugrís González é un deses artistas cuxa obra quedou esparexida por periódicos e revistas, agochada na efémera memoria do papel. Os seus versos, pinturas e relatos tornaron amarelos co paso do tempo, e só aqueles que presenciaron en vida do escritor as súas numerosas exposicións, charlas e pinturas son capaces de determinar con precisión e unanimidade a calidade artística e éxito momentáneo deste grande artífice do surrealismo.

Cunha nai pianista, un tío escritor e un padriño historiador, Urbano frecuentou ambientes artísticos, poéticos e musicais na meirande parte da súa infancia e adolescencia. De neno mergullouse entre as follas de Jules Verne, e comezou a interesarse polas costas bergantiñás e os seus naufraxios terríbeis. No ano 1930, marchou a Madrid, onde entrou en contacto coas correntes vangardistas da época, ademais de integrarse nas Misións Pedagóxicas da Segunda República, xunto a Rafael Dieste, que se converteu nun grande amigo seu. As súas primeiras publicacións literarias, ilustracións e exposicións viron a luz nos anos corenta, momento no que comezou a publicar en *El Pueblo Gallego*, revista que lle permitiu plasmar as inquietudes somerxidas na inmensidade do seu pensamento. Xunto a Mariano Tudela e José María Labra, fundou en 1954 a revista *Atlántida*, onde participou deseñando as portadas e ilustrando os números. Durante os tres anos que esta revista estivo activa, e grazas á confianza que os delegados do réxime depositaron nela, intentaron, na medida do posíbel, asemellar a gaceta á celebérrima revista de vangardas *Alfar*. Na edición de agosto de 1955, a portada da revista está decorada cunha ilustración titulada «Globo de Betanzos», ligada tamén a un manuscrito inédito redactado por Urbano que comeza así:

> Con ledo corazón e voz antiga
> -leda tamén, tal o brincar do viño
> nas harmoniosas cuncas, tal o canto
> da laberca nos campos que o Mandeo
> amantemente, longamente bica
> entramentras, xograr de craros ollos,
> Narciso de si mesmo, vai trobando
> un seu amor que morrerá nas ondas-
> quero dicir, loubar a fermosura
> da verdecente, forte e degorante
> terra dos meus avós: dos meus antergos
> o agarimoso berce namorado

Non obstante, en 1956 *Atlántida* deixa de editarse, e co remate da revista desaparece irremisiblemente a esperanza que Lugrís pousara nesas publicacións. Os tres cofundadores atoparon refuxio entón na revista mensual *Vida Gallega*, onde Urbano confluíu con numerosas personalidades artísticas, como Isaac Díaz Pardo ou Álvaro Cebreiro, e colaborou con firmas que xa participaran en *Atlántida* e en *El Pueblo Gallego*, como Álvaro Cunqueiro, Vicente Risco, Méndez Ferrín...

Casou con Paula Vadillo Gras e tiven dous fillos, Paula e Urbano (futuro pintor e mariño), mais a prematura morte da súa esposa desviará e sepultará a súa traxectoria como creador. A maioría dos seus murais, pinturas e exposicións quedaron espallados polos bares nos que afogaba as súas penas, feito que condenou a súa obra e forzou o seu soterramento. A meirande parte das súas creacións literarias foron rescatadas dos xornais previamente citados, e a intensiva e constante procura que se está a levar a cabo permite recuperar escritos iné-

ditos, como os poemas dedicados a Isaac Díaz Pardo, a Manuel Antonio ou a Luis Seoane. É necesario destacar este último, titulado «Soneto para Luís Seoane». Composto en 1963, relata a ledicia que sentiu Urbano ante o retorno do seu amigo da Arxentina, onde estivera exiliado. Os primeiros versos desta composición falan por si sós:

> Se a ledicia da ausencia é o retorno,
> ti es, Luís amigo, unha grileira
> gaita baril na nova primaveira
> que gardas no teu fol, esgrevio e morno. [...]
> Ti fuches e volviches polos mares
> -en verso e vida de Isaías forte-
> mais sempre as altas ondas da Galiza
> tallaron os teus nidios tallamares;
> venciches a saudade, a dor, a morte,
> e a Galiza por ti seu pano iza!

Foi o pintor sadense Isaac Díaz Pardo o que primeiramente recoñeceu a súa traxectoria vital chea de altibaixos. Conta este que Urbano, avergoñado por ter

Portada da revista *Vida Gallega* ilustrada por Lugrís coa súa visión de Betanzos

que someterse ao réxime, miraba cunha expresión apesarada e chea de remordemento aos compañeiros que retornaban do exilio. Porén, resaltou a transcendencia do pintor, a calidade innegábel dos seus escritos e as aptitudes plásticas que lle permitiron conformar unha obra na que se plasman as dificultades que pasou e que, ao igual que as súas pinturas, quedaron somerxidas e esquecidas. Destacou Isaac unha das súas obras: «Pegamento da primavera da morte», que exemplifica á perfección a índole da súa pintura.

Personalidades como Fernández del Riego caracterizaron a Urbano coma un «Bohemio, humorista, amante, era tamén un afervoado adicto á vocación literaria». Os seus logrados cadros mariñeiros deixan entrever as dúas finalidades que concibiu: por unha banda, a expresión da pintura foi o seu modo de evasión. Resgardándose nos mitos célticos, viviu sempre no lindeiro entre a realidade e a imaxinación; entre o mundo submarino cheo de medusas, baixamares, rompentes... e o propio mundo que el foi imaxinando a través dunha peculiar visión do leito mariño. Posuía Urbano un poder evocativo incríbel. Mergullábase no seu interior e de aí afloraba a fervente necesidade de plasmar nas táboas todo canto circulase pola súa cabeza.

Tamén resaltou Xosé Luis Méndez Ferrín a infravaloración da obra de Urbano Lugrís, así coma a do seu fillo, Urbano Lugrís Vadillo. Sendo un destacado expoñente do surrealismo, xunto a personaxes coma Dalí, Magritte, Tanguy... a súa obra non se chegou a exhibir na aclamada exposición titulada «Surrealistas» levada a cabo na Tate Gallery de Londres. Méndez Ferrín resalta que Urbano foi lírico, narrativo, detallista e estivo incipientemente inmiscido no universo dos espazos oníricos. Expuxo que a súa obra está «á espera dunha revisión profunda», e que no preciso momento no que se comece a rescatar a súa obra plástica, no momento no que se revalorice e expoña a súa achega, será cando floreza un novo pétalo na pintura galega. Urbano Lugrís cultivou un surrealismo ancorado á terra real, á súa Galiza. Basta dicir que el mesmo se diferenciaba de Dalí alegando o seguinte: «Soy un pintor puramente imaginativo, pero a través de una realidad concreta».

Pese a que a meirande parte das súas obras plásticas nunca recibiron a aceptación que merecían ao quedaren estas expostas nas paredes de bares perdidos, nalgúns casos foron exhibidas en pequenas

«Pegamento da primavera da morte», collage de Urbano Lugrís [Museo de Arte Contempor
del Cristal», óleo sobre taboleiro de Urbano Lugrís (1940) [Colección de Arte ABANCA]

exposicións, como a celebrada en 1960 na Asociación de Artistas da Coruña. Expuxo óleos e debuxos de estética entre metafísica e surrealista. A meirande parte das obras son visións fabuladas nas que a memoria e o imaxinario coexisten en espazos de soidade imperante e silencio sepulcral. Dúas pinturas destacadas son «A virxe do Cristal» e «Fondo mariño con peixe».

Algunhas das súas pinturas máis destacadas, realizadas en óleo sobre táboa, encadran topónimos moi próximos, como o porto da Coruña, a Torre de

ánea Carlos Maside] | Lugrís na exposición da Asociación de Artistas da Coruña [elpais.com] | «La Virgen

Hércules, o castelo de Santa Cruz ou o porto de Vigo. Estes cadros, sempre protagonizados polo seu adorado mar, empregan unha técnica surrealista moi destacábel, ao tempo que establecen como foco principal do conxunto o carácter das augas, que nalgunhas ocasións son serenas e noutras alborotadas, coma se quixesen afundir os barcos que as cruzan e arrastralos ao seu prezado fondo mariño.

Outras pinturas decoran, por exemplo, o antigo restaurante Fornos, na Coruña, hoxe chamado Brasa y Vino. Destaca neste lugar o mural que ornamenta a súa bóveda. Esta é cruzada primeiro por un arco no que Urbano Lugrís indica a data de fundación do local. Na parte principal do conxunto, amósase unha panorámica da Coruña, que contén o castelo de San Antón, a cidade vella e a Torre de Hércules.

Como xa foi citado, outra constante na traxectoria artística de Urbano Lugrís foi a poesía. Toda a súa obra poética recóllese unicamente en dous libros: *El tesoro de Punta Herminia y otros textos sumergidos* e *Balada de los mares del norte*. A súa poesía en castelán é, basicamente, neobarroca. Isto obsérvase á perfección en poemas como «Nacimiento de Venus en la isla de Ons». Tamén destacan as poesías que escribiu para *Atlántida*. En recoñecemento á relevancia do pintor Laxeiro na renovación da arte galega do século XX, Urbano Lugrís dedicoulle un poema, titulado «A Laxeiro, pintor»:

> Tú; pescador de luz, ladrón de vida,
> dame, dime la gracia desusada
> con que robas al aire la callada
> armonía viviente estremecida.
> Di, ¿con qué amante nasa desmedida
> cazas tus peces de oro? ¿Con qué alada
> red, de tiernos torzales, la ensenada
> del aire así encadenas? ¿Qué perdida
> magia renaces hoy entre tus manos
> capaces de aprehender lo inaprehensible?
> Pues haces gracia quieta lo huidizo,
> materia viva lo fugaz humano;
> lo recóndito forma transferible.
> (De Villena conoces el hechizo)

Tras facer unha revisión dunha parte da súa obra, inserirase a continuación, a modo de conclusión, un anaco dun dos diversos relatos escritos por Urbano Lugrís. Titulado «Homenaje a Julio Verne», inícia-se cunha dedicatoria que di o seguinte: «A Verne, que me inventó alas allá por mis verdes quince años, y continúa inventándomelas». Foi publicado en *Atlántida*, en marzo de 1955. Jules Verne foi para Urbano Lugrís unha grande inspiración. Os libros de Verne, relatos cheos de misterios do fondo do mar, de lendas de cidades somerxidas, de viaxes submarinas indescritíbeis... fomentaron que Urbano

Lugrís desenvolvese a súa mente divagadora e evasiva, e que encamiñase o seu pensamento cara ás descoñecidas augas, ateigadas de misterios e abismais criaturas. O relato di o seguinte:

> Este niño se asoma a los altos miradores de la tarde, y contempla los lentos -rosas, morados, amarillos- mongolfieres de las nubes, con sus limpias pupilas de grumete enamorado y lanzal. Inventa catalejos para las bolinas cenitales, astrolabios feéricos con los que toma la altura a los alcotanes del sueño, a los vencejos raudos de la tarde que voltijean entre chimeneas, pararrayos, mansardas y belvederes, portando en sus picos los raros portulanos de la aventura, las cartas apasionadas de un vagabundo amor.
>
> Arbola en el humo de las chimeneas los Great Eastern 144 futuros, los grandes paquetes como ciudades flotantes; como islas errabundas desgajadas de la ribera negra del Clyde.
>
> ¡Allá van, por el engalernado mar reverso del crepúsculo, hacia los puertos mágicos del Norte, del Oeste, del Este, del Sur! [...]
>
> Los muelles del Sena -árboles verdes, cielo gris piedra aséptica casi, libros, libros, libros, estampas, estampas, estampas, pescadores de caña, etc., etc., dic.- en este domingo interminable y azul, se ejercitan súbitamente de floras inauditas, y hasta el Pont Vieux se reviste de las lianas espesas, crucigramáticas, que prestigian los grabados contra lúcidos, un poco teatrales, de las viejas y amadas ediciones de Arago, Maury, Maine Reyd, Bernardino de Saint Pierre, el Capitán Marryat, Fenimore Cooper, De Foe y demás gente de hermoso vivir y contar. [...]
>
> Pero también por estos altos tejados -con gatos reflexivos, con los burgueses y plácidos gatos del 800 francés- se puede ir a La Luna, se puede ascensorar el alma hasta el granujiento mundo selenita, del que todos los poetas son un poco terratenientes, y latifundistas las peripatéticas doncellas transidas del mal de Amor.
>
> La Luna, hojuela de miel, «filloa» de Dios.
>
> La Luna, crótalo de plata.
>
> La Luna, panderito de harina candeal para el «rorro» de la casa. [...]
>
> Este niño cabezón y grave, este macrocefálico soñador irredento; es como un barco en botella. Digo yo.(Un barco embotellado es tan patético, o más, que un pájaro en su jaula prisionero).
>
> «¡Tierra, mar, cielo!» grita este barco embotellado -este niño- desde su empigorotada mansarda de París, y, como una mosca cautiva en un vaso invertido, zumba su vuelo alicorto y desmedido, anhela un infinito horizonte para su vuelo, una rota esfera armilar para su contenido y loco vuelo...
>
> Volar, volar.
>
> Escudriñar la tierra, adentrarse en su último cogollo, en su más recóndito corazón. Cruzar el cielo.
>
> Adentrarse, buzo enamorado, en los abisales paraísos perdidos del mar.
>
> Remontar las montañas, perderse en los desiertos, vivaquear entre árboles inmensos en la noche con grandes lunas y elefantes.
>
> Arponear ballenas, cabalgar avestruces, asesinar tigres y leones.
>
> Volar, volar.
>
> Volar, navegar. Tal como ahora, a la rosada y confidencial luz de un quinqué de petróleo, a donde acuden y mueren las falenas en este atardecer del viejo París.

Urbano Lugrís González foi pintor, ensaísta, poeta e narrador, así como un grande artífice do mundo onírico. Podería terse considerado un dos expoñentes principais do surrealismo español, podería ter sido un dos poetas innovadores do século XX máis recoñecidos, podería ter obtido moito éxito cos seus relatos, coas súas dedicatorias, cos seus murais, coas súas publicacións... Podería actualmente ser nomeado xunto a personalidades tales como Dalí, Seoane ou Lorca. Non obstante, o certo é que Urbano Lugrís é un deses autores que permanecen somerxidos na lembranza, cuxa obra está feita para ser descuberta por un reducido número de persoas. Ao realizar investigacións exhaustivas acerca da súa vida e obra, ao indagar e pescudar nas súas orixes, conséguese sacar a relucir unha parte da cultura galega que se atopaba relegada, esquecida, sepultada. Acádase así unha nova percepción das nosas raíces literarias: a existencia de milleiros de artistas que loitan por ser evocados, que loitan por imporse nun mundo que os somerxe baixo as culminantes e crueis augas do mar.

Coa páx. anterior: «La casa del marino», ilustracións de Urbano Lugrís [*A.C.G.*, nº 118-119, 1940]

UNHA CARTA DO PÁRROCO DE VEIGUE AO ALCALDE DE SADA NO ANO 1847

O Arquivo Municipal de Sada conserva unha serie de cartas remitidas por José María Carballal, cura párroco de Sada e Veigue, ao alcalde de Sada. Nelas dá conta de diferentes reclamacións ou de situacións dos seus fregueses ás que quere pór remedio: infidelidades, persoas que viven amancebadas, incumprimento das normas da Igrexa, enfermos abandonados...

Neste caso, o párroco láiase polo estado no que se atopan o templo e, nomeadamente, o cemiterio parroquial, sen peche que o separe dos terreos limítrofes, o que fai que entren nel «a apacentarse animales, bacunos, caballares y lanares no siendo mui dificultoso que lo verifiquen los cerdudos». Reclama que obrigue á veciñanza a construír unha cerca para así «hacer respetable un lugar semejante y evitar que las bestias carnívoras exhumen los restos de los finados».

[Arquivo Histórico Municipal de Sada, Rexistro Xeral, Correspondencia, 1479].


Nº 22.

Año de 1847.

Correspondª del Parroco de Sada.

Cuatro oficios

Sor Alcalde Constitucional del Ayuntamiento de Sadar y su Distrito

El Cura parroco de Santa Columba de Veigue ante V. como mas lugar haia
dice: que con repitiicion pedio á sus feligreses que por adorno y decencia y por lo que es
de mas atencion separaren el atrio de su Yglesia que hace de Cementerio, delas exe-
dades y cierrar de cultivo que lo circuien, por cuia falta algunas veces entran enel
á apacentarse animales, bacunos, Caballares y lanares no siendo mui dificultoso que
lo verifiquen los Cerdudos. Se mostraron convencidos dela Justicia del pedido y de que
estaban en el deber de cumplimentarla. Pero no obstante pasaron muchos años en los
que no han equitado los Cadaveres de sus deudos amigos y vecinos y siguen en la moro-
sidad indolente de del modo posible hacer respetable un lugar semejante y evitar las
bestias carnivoras exhumen los restos delos finados. Vs. reles dice que el cierro sea
contagio porque no podrian suportar su costo, y si de vallado, que reunidos todos com-
pletan tal vez en medio dia sin mas gastos que su trabajo. Con la misma indiferencia
conque miran un sitio de tanta veneracion y sensibilidad, no manifiestan celo piadoso en la
conservacion y reparacion del templo y sus adiacentes. el de su Parroco pudo proporci-
onarles que tengan aquel seguro y decente y para que mas lo esté procuro que
se edifique un deposito en el que se pongan algunos muebles dela Yglesia, que sola-
mente son precisos en ella en ciertas ocasiones. Mas no alcanzando el fondo
sino para las paredes y techo, quedo sin tejado, algo con menos de cuaren-
ta v.s estaria colocado y evitaria que aquellos esten ala intemperie que-
driendose. Que los individuos de una parroquia deban costear la subsistencia
de su templo y culto que enel se tributa al Dios en quien creen como cristia-
nos, ademas de dictarlo la razon, lo mandan las leyes Divinas y canonicas sin
contradecirlo las civiles. en este supuesto, y en el de que nada se adelanta con
raciocinios ni ruegos expone a V. el suso dicho Cura el relato antedicho a fin
de que como Autoridad en quien reside la Coaccion, o sea usando de ella ó como
fuer de gas, se sirba obligar alos referidos amisos á que no continuen delinqui-
endo lo que les incumbe enel particular. Veigue q.e 18 de 1827

Jose M.a Carballal

GOS DE IÑOS

Por JAVIER MARTINEZ PALACIO

niños jugar a la guerra. Polarse entre gruna sana domada en solar de alrededo- Guerreros invencibles, de espada de plás- las con sonido de metal besando a metal. en fue pagado al marrar el engaño, rom- us magníficas batallas.

rendado. La cabeza proxia a desarrollar dicula de tantas semanas en el cine de ba- ma de perro que brema junto al pulo es- n bajo el chasis de un automóvil. El nom- rando de León,y Robin Hood. Marisol

ideales, ni son ellos mismos, ni sus juegos s disgregadas. La tierra, la humanidad sus mejillas amoratadas de frío, de miel s da juguete, aceradas en las infecciones ior Imitas de los otros.

alo; en la batalla, sin embargo, es Cora- vita; hace unos días junto al muro de la alos y medallas, estampas y romrios. Arco, A Lili la han atado a un poste de ds unas ramas de acacia, y Pancho, regur- a, pequeño gerrecillo del juego acerca una ramas.

a. Corazón de León,muy en su puesto la beza Lili Puste Santa. En cuanto se le- alvario.

ramas no arden. Son ramas verdes. Dice s niños no saben matarse entre sí porque cotidiano de Dios para los hombres. Y tar de rodillas, las pesetas compesiona- r mano a un periódico... que arde luego en

ncir!

grita fierezas yendo hacia el gerdito, que ligo, la espada de plástico vibrando majes- aire, hayo del campo. Pilo rompe con su ardel que retiene a Lili. Y Santa Juana e puesto de rodillas la besa la mano.

ndedores de cualquier ciudad, se llenan de gestos niños, ¡Los hay más gallardos, más a! Eliminaron las horas de espera, si su- Historias concretadas en minutos; hisio- Los niños que ponen Estiones, libros, pre- le las policías: la imaginación. Allí reside lo esperanzas no es el de la Humanidad n las crueles vocaciones,

icarles de barro!

pregunta ociosa

M. SANTOS

jaros cas- para esa ocsia que nio de la hien, que r, de su recuerdo cuando la y mucha ires mar- jarería se el color, Cuando à los pa- a alondra, hacer sus e viene a ue un día al los pó- mente en hombres, gunta más siar?... Ya e que ha a estudiar la respon- Quién es le comen- sólica»?. ros es una nia de lo los auto- iendo está vez: «Se a los vien- cosechan nocentes y ia. o por compleian la Natura- no halla-

ción de un ruiseñor?. La canción del ruiseñor nació de la luna que salía todas las noches tras del limonar y las viñas, y del justo aroma de azahar de los huertos. El angel ya ponía para fianza en el papel pautado de su memoria.

Ahora, cuando escribo, estalla en mi corral el canto de un gallo —un «bode-islam» cruzado con «pala»— «ejuayo» de apuntada «resta» y paso procesional. Le acompaña, como música de fondo, un cacareo de gallinas. He leído que lo han imitado Rameau, Bach, Haydn, entre otros.

Los mitos de «COVA DANCA» en las Mariñas de Sada

En torno a la famosa caverna se han tejido innumerables leyendas

Por Manuel L. FREIRE CALVELO

Vista general de caserío y puerto sadense de Fontán. En primer término, el moderno edificio de la Ayudantía Militar de Marina de Sada. En su base. Al otro lado del caserío de Fontán, se encuentra "Cova Danca" al que se refiere este artículo.

Fue para mí la infancia, allá en aquí nativas y paredisianas mariñas de Sada, el mundo de los cuentos, de las fábulas, de las leyendas. Recuerdo cómo en las lareiras veladas de las noches de invierno con la mayor atención, escuchaba de labios de mi bendito e inolvidable progenitor, las historias fantásticas de los mártires Carral, del Mariscal Pardo de Cela, del legendario Manuel Casanova, de la capitana de bandidos "Pepa a'Loba", de lo de Puente Sampayo, con su cañón de bronce; histórico cañón de madera de boj, y arcos de hierro construído por unos paisanos para combatir a las tropas de Napoleón, invasores del país.

Contaba también las veces que en los caminos pontevedreses, correspondientes a su nativa aldea de Tenorio-Cotovad regada por el florido y poético río Lérez se había encontrado al filo de la medianoche, con manadas de feroces y gigantescos lobos, que, como los "raposos", rondaban la aldea.

Venían después las narraciones de Santas Compañas, marchando procesionalmente detrás del difunto que en las tormentosas noches de invierno se le ocurriese pasar por delante de solitarios cementerios aldeanos.

Decía que los más imaginativos y miedosos, eran por regla general, los que veían la luz fantasmagórica con preferencia —repetidamente— en lejanos y solitarios cruceros parroquiales, etc., o en cruces de madera situadas en lugares donde habían ocurrido muertes violentas. Recordemos que entre los más famosos de las mariñas de Sada, estaban los de Santa María de Babio, Espíritu Santo, Obra de Paño y Pazos. Por cierto, que en el lugar de este último, hasta principios de este siglo, se conservó una tosca cruz, mejor dicho crucero de cantería, cuyo origen parecía proceder de la época sueva, es decir que había sido construído cuando la conversión de los suevos a la religión católica. Pertenecía este crucero a la jurisdicción eclesiástica de la cercana, vieja y destartalada iglesia parroquial de Santa María de Sada, situado en el fondo verde de un panorámico atrio, cobierto de ya olvidadas sepulturas y hermosas de castaños y arbustos. A esta iglesia parecía haber tenido derechos representativos, la noble casa de los Oreiros. Precisamente adosada a la misma aun existe en completo abandono el panteón funerario y la capilla personal de esta linajuda familia; capilla tradicionalmente conocida con el nombre de "Los Oreiros". Este asierto parece estar fundamentado en el hecho de encontrarse a poca distancia de la misma, su pobremente reconstruído "Pazo Solariego" encima de cuya puerta principal de entrada, se conserva un escudo y blasón de cantería, luciendo cuartelas de nobleza, coronas reales y tierras de vinculo, el Pazo y una Capellanía. Hoy no sabemos por qué avatares de la vida han desaparecido.

Cuando en las luminosas noches de "luar", entre la música lacerante y misteriosa del viento soplando por los frondosos castañales de la empinada e Iglesaria Curedoira, y el cric-cric de los grillos, y el croar de las ranas, allá abajo en los Trañales de Sada, parecía presentirse, no ya un fantasma, sino multitud de fantasmas, todo un mundo muerto y civilizado de caballeros empenachados y damas de mechaques, vestidos de seda, y gracia eterna. ¡Cuánto silencio!...

Y así sucesivamente, a cortas distancias, han aparecendo figuras, con monumentos históricos, de poéticas y bellas leyendas, que, como la de "Cova Danca" no queríamos silenciar. Basta citada esta misteriosa gruta o caverna, de tortuosas direcciones y variadas formas, en un repliegue de la cala de Morazo, en el litoral sadense, correspondiente a la base rocosa del promontorio de Fontán, en cuya cima como en un altar, a modo de nido de águilas, se asienta su blanco y pintoresco caserío. Pueblecito ancestral, típico y diferente a todos los que he visto; y acaso con alguna semejanza al Berbés de Vigo. Nada más marinero, nada más laborioso.

Simultaneaban las faenas de la pesca con el cultivo de las tierras, que en pequeñas parcelas poseían; como pueblo de emigrantes, en propiedad, o llevaban en arriendo. Siempre trabajando sin descanso, en continuo trajín.

Casi desde la base del promontorio, trepa el pueblo de casas apiñadas, empotradas y escalonadas, muy aseadas, de fachadas encristaladas, azules, rosas, amarillo pálido, con la ropa blanca, "blanquísima", chaquetas de pana, de drill, de raxbón. Trajes embreados para faenas del mar, y redes desplegadas puestas a secar. ¡Mujeres guapas, hacendosas, de cordial condición, éstas, de Fontán! Mujeres a las que en contra del tópico de una Galicia sórdida, yo he visto siempre limpiando cuidado-

(Pasa a la página ocho)

BARCOS VARADOS

Por Manuel LUEIRO REY

Al buen amigo Félix Piñeiro, que también navega, nostálgico, por esos mares «escrituri».

TENGO enfrente el mar de Arosa. El color de las aguas se ofrece con un dudoso tono verdinegro. Es el color típico del mar

mas... Y el hombre dejó su casa, dejó su tierra, dejó su barca...

Yo digo que cuando la rueda no gira por los cuando la piedra de molino se queda quieta, ya es forzoso pensar, decididamente, en la tristeza de la espiga, que es la misma tristeza de la artesa sin la masa del pan, que es la misma tris-

ECON
LAS EMPRESA A TRAVES DEL BANCO
GACETILLA

UN ARTIGO DE FREIRE-CALVELO SOBRE AS LENDAS DA COVADANZA

MANUEL L. FREIRE-CALVELO (Sada, 1902-A Coruña, 1983) foi unha voz sobranceira no xornalismo local na nosa vila. Practicante de oficio, será o creador de revistas como *Acción Sadense* ou *Mariñana* e traballará como correspondente dunha decena de xornais de Galicia e de América. Ademais de retratar as problemáticas que afectaban ás condicións de vida da veciñanza, un tema recorrente nos seus artigos é Sada: as súas xentes, a beleza da paisaxe, as ofertas de ocio. Será el o seu gran propagandista.

[*La Noche*, 05/04/1963]

ALBERTO MENDOZA Y SU BANDA

El galán nos ofrece la vida de un muchacho que quiere ser algo y para ello empieza a trabajar. A pesar de que tiene enseñanza no triunfa; cómo va de mal en peor cae en el ambiente hostil y oscuro de los malhechores. Hablamos, como el lector se habrá dado cuenta del papel de «El Cordobés» que en la película se llama Juan.

Alberto de Mendoza, el notable actor argentino es el jef efe una banda de ladrones y convence a [illegible] que trabaja con él. Así [illegible] y en uno de los trabajos [illegible] se comete un crimen. [illegible] drama del asunto. Mue[illegible] y extranjera, y [illegible]

[illegible] muy satisfechos y elogia el [illegible] malagueño. Sobre [illegible] dice:

—[illegible] esta película, tengo que intentar otra, ésta dirigida por Ismel Ismendi, y que se llama «Escabamoches» y tendré como compañera a Diana María Casale, una mujer maravillosa, que tiene los ojos más bellos de Europa.

—¿Es cierto que rodará con Ladislao Vadja?

—Algo de cierto hay en esa noticia. Quisiera interpretar con él un estilo [illegible]

de Villagarcía, como la de Pontevedra, tienen un encanto que las hace únicas en [illegible] costa, mar, generalmente, sin oleaje, que invita al paseo marítimo. Sus recodos ja[illegible] visita por primera vez la novedad de un nuevo paisaje, quizá completamente dis[illegible] una preciosa vista de la ría vigueza, cuyo tráfico marítimo es inmenso, hasta [illegible] muy pocas habrá que la superen en este aspecto.

LOS MITOS DE ...

Viene d. la página última)

[illegible] sanente sus diminutos hogares, y a todas horas frota que frota con el pabón, la lejía y el asperón.

En lo que no había orden ni alineación era en las construcciones, de modo que donde remataban los tejados de unas casas comenzaban los cimientos de las otras, hasta que las últimas parecían milagrosamente colgadas en el aire. El área que ocupa su caserío era irregular, asemejándose a un marcoiago con las alas desplegadas, en cuyo lado N. O. se encontraban (hoy desaparecidos, las ruinas de un castillo-fortaleza de tiempos de Carlos III, el que con su similar del lateral opuesto, en el promontorio de Corbeiros, defendían la ensenada sadense, y más tarde figuraron, con bastimento de una carabela flotando sobre las aguas de la bahía, como blasón o escudo, del Ayuntamiento de Sada.

¡Verdadero hallazgo para los aficionados a la fotografía, la pintura y los amantes de contrastes!

Los grandes peñascos de La Palguera y los Carcabeiros, hoy absorbidos por las obras del muelle pesquero de Sada, penetraban audazmente en el mar, y entre las aguas parecía formar manos rizadosas los días de calma. En los días de tormenta, cuando el mar embravecido sacudía rabiosamente las grandes peñas, y entre el graznar de las gaviotas y el ulular del viento, parecía salir de la entraña de "Cova Danca", ecos y rumores de cantos y flautas, entonando aires infinitamente melancólicos, de una música de esferas, tocando una melodía fantástica, espectral.

Al lado de tan gigantescas confusiones de misterio, de mitología y poéticas leyendas, se han tejido alrededor de "Coca Danca", múltiples y variadas versiones, a cual más fantástica.

La de la cautiva y encantada princesa oriental, era para las almas infantiles, con su río turbulento de sentimientos, la que más fantaseaba. He aquí su versión extractada:

En "Cova Danca", con su sonoraña arenosa de Morazón, hacía de vivir la encantada y hermosa princesa Morazina, servida por sus doncellas orientales, y custodiada por tres hercúleos y gigantescos negros que acometían frenéticos a cuantos intentaban acercarse a la cautiva princesa, hija de un oriental rey, destronado.

El negro y formido rey Danca y su séquito, de regreso a sus lejanas tierras, vieron desde lejos a la urca, en donde habían traído a su destierro, a la cautiva princesa; levantar montes de espumosas olas, embistiendo furiosas contra los riscos y acantilados de la costa, mientras a su vez, un tas de llamas de todos los colores, iluminaban la tristeza crepuscular, entremezclados con un canto suave, palpitante, que llenaba el espacio.

El renombre de los hechizos, de la hermosa y cautiva Morazina, enardecían los corazones. Centenares de heroicos caballeros, cruzaban el mar, desde lejanas tierras, en busca de "Cova Danca", en cuya gruta se encerraba la desventurada Princesa Oriental, y llenos de esfuerzo acometían la empresa de libertarla. Mas ninguno lo conseguía.

Los héroes se acercaban; sólo un beso, y tras de un grito, en chapaleado del agua que se rompe, y se cierra sobre un escultural y desnudo cuerpo de mujer, y de desmelenada cabellera, largo un canto dulcísimo, encantador, voluptuoso, destilaba en el viento, atrayendo más víctimas.

Según otras versiones, estas profundas grutas, muy numerosas en Galicia, habían servido de escondrijo a los cristianos que huían de la invasión sarracena y a jóvenes muchachas del país, relacionadas con el fugaz compromiso contraído por el rey sarraceno Mauregato, de pagar a los moros un tributo de cien doncellas. Como también, a su vez, de refugio de guerrilleros y contrabandistas.

Dicen los que habían entrado en ella, que en su camino subterráneo, se bajaba por una rampa hasta un descanso, que había a manera de sala y de allí se prosiguía en escabrosas formas hortonas, hasta determinado sitio, en que la falta de aire y el estruendo de espantables ruidos les obligaban a retroceder. Parecía ser que en esta citada sala, era el lugar de adoratorio y sacrificatorio. Cráneos humanos, que ciertas primitivas razas ofrecían a sus dioses paganos.

También estaba muy generalizada la creencia de que en esta gruta de "Cova Danca" se encontraba un gran tesoro.

Alegaban, los que tal afirmaban, que sólo por la cueva, ¡sin otro interés, no la habían de defender con cantos, cuando ya no les había de servir de defensa, al retirada, como antes lo hacían, para no caer en manos de otras razas [illegible]

Cartelera de espectáculos

LA CORUÑA

CINE RADIO: «La venganza del Zorro». — Todos.
NIZA: «Pablo y Carolina». — Mayores.
ROSY: «Guaglione». — Mayores.
AVENIDA: «El castigo de los moros del Sur». — Jóvenes.
MARAVILLAS: «Melodías de hoy». — Todos.
RONSEL: «Estrella de Fuegos». Mayores.

FERROL

JOFRE: «El pícaro y el buen Dios». — Mayores.
CAPITOL: «Juntos sale el pellejo». — Todos.
AVENIDA: «Carlouches». — Mayores.
CALLAO: «Un fantasma llamado amor». — Mayores.
ATENAS: «Lenny y las cuplas». Mayores.
MADRID — PARIS: «Amistad trágica». — Mayores.
REINA: «El tesoro de Pancho Villa». Jóvenes.
CINEMA: «La ciudad bajo el terror». — Mayores.

ORENSE

AVENIDA: «Nómadas del norte». Todos.
PRINCIPAL: «Bajo el signo de Roma». — Mayores.
YAGO: «El capitán Jones». —
LOSADA: «Yo soy el padre y la madre». — Mayores.
MARY: «Teresa de Jesús». — Todos.

PONTEVEDRA

COLISEUM: «Que bella es Roma». — Mayores.
MALVAR: «El salario de la violencia». — Mayores.
VICTORIA: «Un muerto recalcitrante». — Mayores.
PRINCIPAL: «Festival de Tom y Jerry». — Todos.

Rafael Gil conversando con Mar[illegible] rodaje de "Noches de Málaga"

CATRO FOTOGRAFÍAS DE F. VARELA POSSE EN *EL IDEAL GALLEGO*

FRANCISCO VARELA POSSE (Melide, 1884-Sada, 1958) foi o fotógrafo que inmortalizou a Sada dos anos 20 e 30. Auxiliar de oficinas da Mariña de profesión, a súa paixón foi a fotografía, o que o levou a ser correspondente gráfico de diversos xornais e revistas de Galicia e da emigración: El *Pueblo Gallego*, *La Voz de Galicia*, *Vida Gallega*, *Semana*, *Eco de Galicia*... As presentes imaxes foron publicadas orixinalmente noutro dos medios nos que colaboraba, *El Ideal Gallego*.

«EL FAMOSO MURO DE FONTÁN. Estado en que actualmente se encuentran las obras del muro de contención que debe salvar al pintoresco puertecito de una ruina cierta» [16/08/1927]

«UNA INDUSTRIA TÍPICA. SADA. Embarcaciones que se dedican a la extracción del 'patexo', el fertilizante abono que tanto enriquece las tierras de nuestras mariñas.» [15/09/1928





«FIESTAS DEL ÁRBOL. Los niños de las escuelas públicas de Sada dirigiéndose al 'Couto' después de oír misa, con el objeto de celebrar la culta y loable Fiesta del Árbol» [02/04/1927]

«ASPECTOS TÍPICOS DE GALICIA. Una casa típica de Mondego (Sada), que hace muchos años fue señorial mansión» (Nota: a casa en cuestión corresponde ao pazo de Mondego, que fora propiedade do ilustrado Joseph Cornide no s. XVIII e do que non quedan vestixios. Segundo a tradición oral, foi sede do Concello de Sada a mediados do s. XIX) [19/04/1927]

A IMAXE COMENTADA por MEMORIA DE SADA

Estas e moitas fotografías máis en
memoriadesada.com

Marea baixa

Nesta foto da praia das Delicias podemos apreciar como era o litoral de Sada hai anos. Non se ve ningún edificio alto, todas son casas baixas. Aínda non está o Cuartel da Garda Civil e vese o monte de Lixandre (hoxe tapado polos edificios). Tampouco está a Terraza, o que nos leva a datar a imaxe con anterioridade aos anos 20.

A marea está baixa e, salvo os nenos, as persoas que se ven só mollan os pes, están vestidas. Diante das rúas da Praia e da Mariña vense moitas lanchas varadas.

o currruncho DA LINGUA

MERCEDES LEOBALDE

cooficial

adxectivo

[Conxunto de linguas] que comparten oficialidade nun territorio.
O galego e o castelán son linguas cooficiais en Galicia.

OLLIÑO CON...

Olliño cos pronomes átonos. Poñámolos no seu sitio, por favor, xa que son parte fundamental da estrutura do idioma.

Continuamos a avanzar un chisco no complexo tema da colocación dos clíticos, eses pronomes que ás veces van unidos ao verbo e outras veces soltos e por libre. Apuntabamos en entregas anteriores que xamais inician a frase (**Te* *quero*) e que a súa posición "normal", a non marcada, é detrás do verbo (*Quéro**te***), e aquí inclúense non só as oracións simples afirmativas senón tamén as compostas coordinadas unidas por comas ou pola conxunción *e* (*Admíro**te**, quéro**te** e bóto**te** en falta*). O pronome vai así mesmo unido ao verbo tras un *pero* ou un *mais* (*Non cho parecerá pero/ mais quéro**te***). Pola contra, pasa para diante despois dunha negación (*Non **cho** parecerá nin **o** esperabas, pero quérote*) e de partículas subordinantes como *que, quen, como, onde, cando, canto, se*... (*Ben sabes que **te** quero e canto **te** quero*).

Pois ben, despois de tanto amor imos ver onde poñer os pronomes átonas cando preguntamos e exclamamos. Nas **oracións interrogativas e exclamativas** debemos diferenciar dous tipos: as que levan ***que, quen, como, cando, canto-a-os-as, onde, por que, para que***... (esas partículas que xa coñecemos por seren as mesmas que introducen oracións subordinadas, atraendo os pronomes cara a si) e as que non.

Se a oración vai introducida por ***que, quen, cando, como, canto, por que*** etc., os pronomes sitúanse diante do verbo: *Que **che** parece? Quen **llo** contou? Canto **lles** custou? Onde **as** atopades? Como* volo *fixeron chegar? Por que **o** dis? Para que **os** metiches aí? Quen **nolo** ía dicir! Canto **nos** fixo rir!* (xamais **Que paréceche? *Quen contoullo? *Canto fixonos rir!).*

En ausencia deles, por contra, o pronome segue as regras xerais de colocación: *Preocupádes**vos** tanto! Gústa**che** a música? Recibíron**vos** como é debido? Desta vez convocáron**as** a todas? Nunca **se vos** ocorreu? Agradézo**volo** moito! Dás**me** lume?* Por tanto, non é a entoación, o feito de as oracións seren exclamativas ou interrogativas, o que provoca a anteposición dos pronomes, senón a presenza das partículas mencionadas.

DESMENTIDOS: DE ILLAS, ILLOS, IÑAS E IÑOS

Teño un amigo, moi simpático el, que sen ter ascendencia andaluza nin relación ningunha con esa terra adoita pronunciar frases enfáticas do tipo *E eu que sei, *chiquiña?* ou *Pero *chiquiño, ti que de que vas?* Lembrándome del agromou este apartado curruncheiro.

Seguramente non nos resultará allea esta equivalencia:

castelán *-illo, -ito* = galego *-iño*

Mais isto non sempre é así, e cómpre telo en conta, pois tanto podemos atopar palabras acabadas en *-iño* e *-iña* nos dicionarios de castelán (*aliño, armiño, campiña, cariño, lampiño, desaliño, rapiña*..., ademais dalgún préstamos nosos ou do portugués, como *albariño,* caipiriña, corpiño ou *morriña*), como pabras acabadas en *-illo* e *–illa* nos dicionarios galegos, algunhas delas préstamos incorporados a través do castelán, como *banderilla, cuadrilla*, *guerrilla, pastilla* ou *tortilla*. Reparemos nalgúns outros destes *illos* e *illas*, todos existentes na nosa lingua:

acubillo, amasillo, armadillo, barquillo*, bocadillo, bombilla* (forma máis recomendable: *lámpada), boquilla, caravilla, cartilla, cascarilla, cedilla, chinchilla, cochinilla* (insecto)*, cuadrilla, cuartillo, cepillo, empanadilla, escuadrilla, flotilla, gargantilla, gatillo, ladrillo, masilla, moquillo, morcilla*, *palillo* (só o de palillar)*, perillo, presilla, puntilla, quintilla, redondilla, ronquillo, sarillo, seguidilla, tabardilla, tresillo, vainilla, virilla, xustillo, zapatilla...*

Temos tamén en galego, por suposto, *-itos* e *-itas*, como *apetito, bendito-a, bipartito-a, bonito-a, cabrito-a*, *conflito*, *cosmopolita, delito, dinamita, distrito, estalactita, estrito-a, exquisito-a, favorito-a, finito -a, forquita, forquito, gambito* (no xadrez), *garita, garito, grafito, inaudito-a, infinito-a, israelita, leucocito, levita, linfocito, maldito-a, marmita, mesquita, moscovita, mosquito, palafita, perito-a, plebiscito, refrito, semita, señorito-a, sibarita, sulfito, uralita, urbanita...*

Tomemos boa nota entón de todas estas palabras nosas e non pretendamos «regaleguizar» o que xa é galego de seu. Porque temos *millo*, temos *mitos*, temos *miño* e ata *Miño*, e todos eles son nosos.

O anterior non quita, poreén, que existan casos en que as terminacións *-illo-a, -ito-a* do castelán si se correspondan en galego cun *-iño-a,* mais fóra das equivalencias de formas en diminutivo do tipo *culleriña* (a culler do café), *bastonciño* (o pauciño con algodóns nos extremos) ou *variña* máxica son moi escasos.

Nalgunhas ocasións, a particular evolución do latín vulgar producida en cada territorio orixinou *-illo-a* no castelán e *-elo-a* no galego (trazo ao que se veñen sumar, claro está, as restantes características diferenciais en cada lingua). Vemos no cadro algúns exemplos:

CASTELÁN	GALEGO
abubilla	bubela
amarillo-a	amarelo-a
astilla	**e**stela
canilla	canela (tibia, parte da perna / peciña na que se enrola o fío nas máquinas de coser)
capilla	capela
castillo	castelo
costilla	costela
cuchilla	coitela
cuchillo	coitelo
hebilla	fibela
hornillo	fornelo
manzanilla	-macela (infusión) -manzanilla (viño)
mejilla	meixela
membrillo	marmelo (tanto a froita como o doce feito con ela)
novillo-a	no**v**elo-a (tamén *xovenco-a*)
orilla	orela (se ben son máis habituais *beira* e *ribeira*)
ovillo	no**b**elo
pesadilla (f.)	pesadelo (m.)
postilla	bostela (tamén *cachela*, *carocha*, *carapola*...)
sencillo-a	sinxelo-a
silla	sela (só a de montar a cabalo; o asento con respaldo é *cadeira*)
trampilla	trapela (tamén *trapa* e *zapón*)
vajilla	vaixela (pero *lavavajillas:* lavalouza*)*

Ora ben, quere isto dicir que as *cosquillas* serán *cosquelas, as *rodillas* *rodelas, as *parrillas* *parrelas e os *calzoncillos* *calzoncelos? Por supostísimo que non!

En primeiro lugar, existen formas diminutivas (ou aparentemente diminutivas) en castelán que non se corresponden en galego con diminutivo ningún. Vexamos no cadro algúns casos que podería inducirnos a erro:

CASTELÁN	INCORRECTO	GALEGO
al ajillo	*ao alliño	ao allo
banquillo	*banquiño	banco (no fútbol e noutros deportes; tamén o banco dos acusados)
barandilla	*barandiña	varanda
bordillo	*bordiño	bordo
buhardilla		bufarda
cabecilla	*cabeciña	cabeza (f.), líder
calzoncillo(s)	*calzoncillo(s), *calzonciño(s)	calzón(s)
casilla	*casiña	-casa (nos taboleiros de damas/xadrez, parchís e outros xogos) -recadro (nun formulario)
cigarrillo, pitillo	*cigarrillo, *cigarriño, *pitillo, *pitelo	cigarro, pito (máis coloquial)
coronilla		-coroa, curuto (da cabeza) -coroa, tonsura (nos eclesiásticos)
cosquillas		coscas (tamén *cóxegas*, *cóchegas*, *celigras*…)
cursillo	*cursiño	curso
ensaladilla	*ensaladiña	ensalada rusa
esterilla		esteira
farolillo	*faroliño	farol
ganchillo	*ganchiño	gancho (agulla para tecer fío e técnica que se emprega nese labor)
jeringuilla	*xeringuiña	xiringa, xeringa (forma menos recomendada)
lentilla(s)	*lentiña(s)	lente(s) de contacto
mascarilla	*mascarilla, *mascariña	máscara (obxecto que tapa total ou parcialmente a cara / crema que se aplica sobre o rostro)
mesilla	*mesiña	mesa de noite
mirilla	*miriña	mira (das portas)
mundillo	*mundiño	mundo, ámbito, ambiente
rejilla	*reixiña	reixa, malla, celosía
tortita(s)	*tortiña(s)	torta(s)

E que facemos entón co *chiquiño do meu amigo que deu pé a todo este sarillo de palabras e non figura nas listaxes anteriores? O certo é que cumprirá para el un cadro novo onde o reunir con outros vocábulos que difiren por completo nunha e outra linguas. Botémoslle unha ollada, pois ben nos pode salvar de incorrer en múltiples castelanismos:

CASTELÁN	GALEGO
alcantarilla	sumidoiro (*alcantarillado*: sumidoiros, rede de sumidoiros)
anilla	argola
arcilla	arxila
ardilla	esquío (m.)
azucarillo	pedra de azucre (f.)
bacaladilla	lirio
barbilla	queixo, queixelo (se ben existen tamén *barbela* e *barba*, menos frecuentes)
bolsillo	peto
cabestrillo	estribeira (f.)
cerilla	misto (m.)
chiquillo-a	rapaz-a, neno-a, mozo-a
coletilla	apostila, engadido
colilla	cabicha
colmillo(s)	cairo(s), canteiro (s), cabeiro(s), canino(s) (os dos elefantes, *cairos*)
cotilla	murmurador/ora, rexoubeiro/a, laretas, larapeteiro-a, lingoreteiro-a
guindilla	chile (m.)
horquilla	-prendedor (do pelo) (m.) -forca, forqueta, forcadela, galleta, forcado (apeiro de labranza)
ladilla	piollo pato (m.)

lavavajillas	lavalouza
manecillas	agullas (do reloxo)
mariquita (insecto)	xoaniña, xoana, reirrei, papoia, barrosiña, maruxiña, papasol...
mercadillo	feira, rastro, mercado
natilla(s)	crema
negrita [letra]	grosa [letra]
nudillo(s)	coteno(s), cotobelo(s), cotelo(s), noelo (s), nocelo(s), nortello(s)
palomitas	flocos de millo
parrilla	grella
pasillo	corredor
plantilla	-persoal, cadro de persoal -cadro de xogadores-as -soleta (para o interior do calzado) -modelo, padrón
polilla	-trilla, couza, traza, caruncho (a larva dos mobles) -avelaíña, velairiña, matacandís (bolboreta nocturna)
rastrillo	rastro, feira, mercado
rodillo	rolo, rolete (o de cociña e o de pintar)
semilla	semente
silla	-cadeira (asento con respaldo) -sela (a de montar a cabalo)
sombrilla	antuca
tornillo	parafuso
ventanilla	-portelo (en oficinas de atención ao público ou no despacho de billetes para transporte ou espectáculos) -ventá, xanela, cristal (dun vehículo)
zancadilla	cambadela

NOVAS DE LINGUA: «CARMELA», «NÓS» E AS VODAS EN GALEGO

«Eu falo en galego, sabes, Siri?» Isto lle explicaba a encantadora meniña Moraima á IA tras intentar comunicarse con ela en galego sen conseguilo, nun vídeo que se fixo viral e que abriu un debate sobre a exclusión da nosa lingua no eido das novas tecnoloxías. No mes de xuño, investigadores do centro atlanTTic da Universidade de Vigo sinalaban que o galego é a lingua cooficial española cun menor desenvolvemento de tecnoloxías lingüísticas como os asistentes de conversa ou as aplicacións de tradución ou corrección ortográfica, ao tempo que advertían do perigo de quedarmos descolgados, a curto prazo, da revolución que impulsan os macrodatos ou *big data* e a intelixencia artificial en moitos sectores estratéxicos.

Desde aquela producíronse algúns avances. En primeiro lugar, grazas aos esforzos da Mesa pola Normalización Lingüística, que tramitou ducias de denuncias a través da «Liña do Galego», Apple acaba de avanzar na integración do galego nos seus dispositivos: a actualización do seu sistema operativo móbil no pasado mes de setembro xa permite ler textos en galego. «**Carmela**» é o nome da voz galega de Apple. Non chega a ser a nosa Siri, faltan pasos aínda para que os usuarios de Apple poidan comunicarse en galego coa asistente de voz, pero supón un avance nese sentido.

Doutra banda, hai uns meses arrancou o **Proxecto Nós**, impulsado pola Xunta en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela co fin de «situar o galego á vangarda da intelixencia artificial e das novas tecnoloxías». Preténdese que Siri e Alexa falen galego, si, pero tamén conseguir a subtitulación automática de películas e vídeos, facer compras electrónicas, realizar consultas e trámites nos portais da administración autonómica, recibir asistencia na navegación... E todo en galego. Esperamos que esta colaboración coa USC dea os seus froitos e que o proxecto non quede varado e sen orzamento tras o seu anuncio aos medios como tantas veces ocorre.

Revisando nestes días publicacións en papel de hai vinte anos batemos con que en decembro de 2003 os xornais informaban dos obstáculos que a Xustiza puxera a unha parella de Compostela para casar en galego, uns atrancos que implicaban pospoñer a voda dous meses e a presenza dun intérprete durante a cerimonia. Isto no ano 2003, vinte e dous anos despois da promulgación do noso Estatuto de Autonomía (1981), que establece a **cooficialidade** de galego e castelán en Galicia, e vinte redondos da Lei de normalización lingüística (1983), que regula os dereitos lingüísticos da cidadanía e a obriga dos poderes públicos en Galicia de protexer e fomentar o noso idioma.

Pois ben, como a vida é unha roda que non para (xa o dicía

Daenerys, a Nai de Dragóns), e en certos temas tende, por desgraza, a reincidir, hai un par de meses tivemos ocasión de ver a repetición da xogada (+42 do Estatuto, +40 da LNL, lembremos), desta volta en Vigo: unha parella quere casar en galego e a xuíza négase a oficiar a cerimonia nesa lingua. Iso si, ofrece como alternativa a presenza dunha intérprete. O escenario soñado de calquera parella de namorados, non vos parece? Os afectados denunciaron ante a Mesa pola Normalización Lingüística a discriminación que sufriran no Rexistro Civil de Vigo, a nova saltou aos medios e finalmente conseguiron casar na súa lingua cun substituto da maxistrada en cuestión.

Certamente, non deberiamos ter que andar pola vida a reclamar os nosos dereitos seguido (é francamente esgotador), mais se alguén se pon estupendo e intenta coartalos, ben faremos en reivindicalos facendo uso dos medios ao noso alcance. Se esta parella achantase coa negativa inicial da xuíza a casalos en galego como era a vontade de ambos, a tal hora terían como recordo da súa voda un vídeo absurdo a dúas linguas e cunha intérprete de por medio... E iso no na súa terra, onde o galego é lingua oficial! Mais non o fixeron, e iso achanda o camiño para outras persoas no futuro. Oxalá vivan moitos, moitos anos felices e coman outras tantas perdices, que ben o merecen.

ENREDOS: «VACALOURA» E OUTROS

Propoñémonos neste apartado ofrecervos algunhas ideas relacionadas coa lingua de cara aos agasallos do Nadal.

Por orde de aparición, temos no mercado o **«Arume Xogal»**, de Eudrea Ediciones, nado como alternativa galega ao Trivial e consistente en completar o percorrido definido por un petroglifo a medida que se responden preguntas sobre Galicia de distintos temas, cunha simboloxía na que o dolmen representa as cuestións de arte, o torque as de historia e o arume as de lingua e literatura. O xogo está dispoñible en librerías e nas súas correspondentes webs para pedidos online.

No pasado setembro veu a luz **«Vacaloura»**, outro xogo de mesa tipo Trivial, da man da empresa de deseño galego OzocoGZ, centrado en preguntas relacionadas coa lingua e a literatura galegas (inclúe 500 tarxetas cun total de 2.000 preguntas relacionadas con máis de 5.000 palabras do léxico galego). Este xogo e outros («Ti non es de aquí?», os «7 Enredos Reunidos», láminas recortables, barallas con distintos motivos...) pódense adquirir na tenda física de OzocoGZ no Carballiño ou nalgunha das súas tendas colaboradoras (na Coruña, librerías SUÉVIA e AZETA) e, por suposto, na súa web: https://ozocogz-atenda.com/.

Mais, é imprescindible gastar cartiños para podermos xogar e entreternos en galego? Rotundamente non, como podedes comprobar nas recomendacións de hoxe.

HOXE RECOMENDAMOS

Ademais do Wordle galego e do Pensatermos, sobre os que tratamos en Currunchos anteriores, existen outros xogos e enredos en galego na rede. Sen ir máis lonxe, a AS-PG (Asociación Socio-Pedagóxica Galega) ofrece de balde varias opcións diferentes e online (atoparédelos todos en AS-PG-En Xogo:

Trivial.GZ. Permite achegarse á literatura, á historia, á xeografía e á sociedade galegas no formato do tradicional Trivial. Benvid@ ao trivial.gz (as-pg.gal).

Ledtrad@s.gz. Consiste en formar palabras para colocalas nun taboleiro cuadriculado, horizontal ou verticalmente, de xeito que poidan ser lidas de esquerda a dereita ou de arriba a abaixo. Cada palabra débese ligar con algunha das que xa están no taboleiro.

O Xogo da Curuxa. Inspírase no Xogo da Oca, pero no da Curuxa cando o participante cae nun cadro deberá superar unha proba para poder ficar nel, evitar un castigo etc. As probas poden consistir en asociar imaxes, responder tests...

Categorizando: Tamén coñecido como CataPalabras, consiste en escribir palabras que encaixen en certas categorías elixidas ao azar (froitas, animais etc.) e que comecen pola letra que saia no dado de 20 caras, co obxectivo de conseguir a puntuación máis elevada posible.

A nosa segunda recomendación de hoxe, para tempos de Nadal e para toda ocasión, ten que ver co **audiovisual**, e concretamente coas nosas series; en primeiro lugar porque para aprender galego son moito máis entretidas que os telexornais, isto hai que recoñecelo; e en segundo, porque son variadas, de boa calidade moitas delas, con bos guións e un actorado de primeira, e isto cómpre dicilo xa en voz alta e sen complexos.

Noutra ocasión abordaremos aquelas series e películas que podemos ver en galego nas distintas plataformas de pago, mais hoxe querémonos centrar no que todos temos ao alcance da man e de balde. Falamos de **EnSerie**, o sitio web coas mellores series da TVG, onde podemos encontrar desde clásicos como *Mareas vivas, Padre Casares, As leis de Celavella, Matalabos* ou *Terra de Miranda* ata producións máis recentes, de temática diversa e calidade innegable como poden ser *Auga seca, A estiba, Método criminal, A lei de Santos, Operación Marea Negra* e tantas outras. Por aquí deixamos a ligazón para que exploredes, paga a pena: http://enserie.gal

E aquí nos despedimos ata o vindeiro Curruncho, non sen antes lembrar que *toda persoa que defenda a súa propia lingua sen agredir a ninguén ten a razón da súa parte* (Tilbert D. Stegmann).



AS RECOMENDACIÓNS DE SERGIO MODIA

CINE

***Magnolia* | Paul Thomas Anderson (1999)**

Estraña e desconcertante nun principio. As historias de distintas personaxes entrelázanse nesta película con claras intencións de sorprender.

A temática non é allea a unha tendencia moi de moda no cinema norteamericano actual: a alienación da vida nas grandes cidades, a soidade abismal dos individuos na era da «comunicación total», os ritmos de traballo atafegantes, as crises sentimentais e a infidelidade ocupan o centro da escena.

***Oceanía* | Harry Dehal (2008)**

Unha historia sobre dous adolescentes que lidan coa súa vida familiar esnaquizada, nunha pequeña localidade costeira de California.

Oceanía é unha longametraxe independente, que se creou dende cero coa axuda de moitos amigos. Filmada na área da Baía de San Francisco, cun orzamento de menos de $4,000, se en algo destaca é polo seu estilo de filmación e a case ausencia de diálogos, que lle outorga unha especial personalidade. O seu director tiña 17 anos cando estreou a cinta.

***Gozu* | Takashi Miike (2003)**

Gozu é unha película atípica, pero de selo propio. Une a esencia do cinema xaponés e unhas claras influencias de David Lynch, Quentin Tarantino ou David Cronenberg.

Gozu é unha tolemia de principio a fin, unha viaxe ás profundidades máis escuras da mente.

DOCUMENTAL

***Food, Inc.* | Robert Kenner (2008)**

Unha aceda e crítica mirada á industria alimentaria en América do Norte.

Examina a agricultura corporativa nos Estados Unidos e conclúe que a agroindustria produce alimentos que non son saudables dun xeito que é prexudicial para o medio ambiente e abusivo tanto para os animais como para os empregados. A película recibiu críticas positivas e foi proposta para varios premios.

MÚSICA

***Cristal World* | Marnie (2009)**

Primeiro disco en solitario da vocalista de Ladytron. Mantén a escuridade da banda, pero con toques máis powerpop.

***Ragged Glory* | Neil Young + Crazy Horse (1990)**

Sen dúbida o mellor disco de Neil e Crazy Horse, un monumento ao espírito do garaxe.

***August and Everything After* | Counting Crows (1993)**

Famosos polo seu tema «Mr. Jones», o resto deste disco pasou desapercibido no ámbito xeral. Este álbum esconde uns temas exquisitos cun son moi noventeiro, de calidade, moi melódicos e ben construídos.

Un día si

MERCEDES LEOBALDE

É domingo de outono, vermú e tapa de callos. Corre unha brisa agradable e unha parella nova sae co seu filliño de meses do popular e concorrido bar no que adoitan parar desde que se mudaron, un local futboleiro de barrio que leva décadas demandando unha boa actualización de pintura, mobiliario e mentalidades. El xesticula moito, como os italianos nas películas, e os brazos alterados acompáñanse de berros dirixidos á súa muller, que, incómoda e asustada, coloca a mantiña do bebé para lle tapar ben os peciños. O home apártaa para liberar o meniño do arnés de protección e cárgao debaixo do brazo esquerdo como quen colle un fardo mentres co dereito golpea o carriño de paseo contra a entrada do portal, como se este fose abrir de seu, sen necesidade dunha chave nin dun «ábrete sésamo» sequera.

No edificio de en fronte, desde a ventá do cuarto do fondo unha anciá observa a escena algo nerviosa, temendo que nunha arroutada ese home que refulxe ira acabe zapateando o meniño contra a cuadrícula sucia do chan. Por sorte os seus temores non se cumpren e a parella desaparece coas súas miserias no interior do portal escuro.

A anciá coñéceos de velos pasar da casa ao bar e do bar á casa, sempre co pequecho, desde algunha desas tres xanelas tristes ás que o maldito virus os restrinxiu a ela e o seu achacoso marido, como a tantos outros vellos, para recibiren durante uns minutos cada día o necesario alimento do sol. Non eran veciños dos de sempre, levaban vivindo alí cousa dun ano, pero parecían un matrimonio normal, unha familia obreira como outra calquera. Mais vese que non eran ben levados, que mágoa... E el déralle tanto medo cando colleu así o meniño, como un bruto...

Nin un minuto transcorrera desde que se meteran no portal e o home volve saír, enfadado aínda —ou iso parecía—, e bota a andar de costas a ela, ás alancadas, quizais para ver de acougar, pensa a veciña, ou simplemente para continuar bebendo nun bar distinto.

A muller non lle quita ollo mentres el se vai facendo máis pequeno con esa présa marcial de desfile lexionario. Aliviada, abandona a súa atalaia e vai acabar de preparar o xantar. Como recendía xa o caldiño de repolo! Agora faltaba fritir as meigas, e cunha pataquiña cocida habían xantar como dous pepes.

Co peixe xa fritido e as patacas ao lume, a muller regresa ao cuarto do fondo movida por certo desacougo difuso que lle roía a boca do estómago. A rúa está en calma, só un grupo de persoas conversa á entrada do bar mentres varias nenas duns cinco ou seis anos corrican darredor, ata que unha delas cae co seu vestidiño de domingo e choromica botando a man ao xeonllo. Bah, non parece nada grave, cousas de cativos, sorrí a anciá. Pero ao alzar a ollada detense nunha das ventás do edificio de en fronte, a unha altura por baixo do seu propio piso, pertencente a un salón onde o home de antes está mallando na muller, alí, coas cortinas de par en par como na película aquela de Hitchcock con James Stewart e Grace Kelly que tanto lle gusta, o vidro da xanela convertendo a vida da parella nun reality, nun espectáculo cruel do que non se escapa cun mando a distancia. Mentres a moza loita por protexer a cara e a cabeza cos brazos, el aproveita para bourar máis abaixo, descargándolle no peito e no estómago toda a frustración e a cólera que o rebentan por dentro, ceibando ira e desprezo por puños e boca. Contra ela, que dorme na súa cama, contra ela,

que lle deu un fillo, contra ela, que o quixo desde o primeiro, que o quere aínda.

A anciá agárrase forte ao peitoril da ventá como querendo conter os golpes, ela que tan ben os coñecera na infancia de cando seu pai sacaba lixeiro o cinto, as máis das veces cando volvía de tomar unhas cuncas no bar da Campanilla. E o meniño? Onde deixarían o meniño? Seguro que está a chorar no berce, soíño, meu anxo... Debe de ser tanto o balbordo, tantos os berros, que unha veciña de dous andares máis arriba asoma medio corpo para fóra da fiestra esforzándose por espreitar o que está sucedendo, mais atópase en perpendicular co salón da parella e non dá albiscado nada, conque retorna á seguridade do seu pisiño. Porque, total, case mellor non saber, para que se vai meter ela en problemas? Cando o pai da anciá usaba o cinto contra elas e a súa nai, ninguén acudía. A anciá dá en cavilar que nada cambia neste mundo, moitos móbiles e moitas moderneces pero segue a haber brutáns deses e ninguén os para. Co peso dese desalento resignado arrastra as vellas zapatillas do feirón ata a sala de estar, onde o seu home, como adoito, toquea diante do televisor. Sacódelle un ombreiro e cóntalle, dun xeito algo caótico, o que acaba de presenciar, máis que nada porque necesita soltalo, dicir en alto o que ese condenado lle está facendo a ela, e acaba mencionando, con máis interrogantes que convicción, a chamada á policía. O vello, que por mor da xordeira perde moitas das palabras, capta con todo a idea xeral do relato e parece telo moi claro: «Ti non te metas, esa non é a túa guerra», sentencia, e engade aínda: «E ademais, que sabes ti o que ela lle fixo? Ou pensas que el se puxo tolo así, sen máis?».

A anciá cala. Mágoa que non estea a súa filla, ela había saber o que facer. Ela faría sen dúbida o que había que facer. Renuncia a regresar ao seu observatorio no cuarto do fondo, a saber se a violencia continúa aínda (de que valería?) e dispón o xantar para os dous. «O caldiño éche a raíz do corpo, eh, meu rei? Éche ben certo!» Despois tomarán un descafeinado clariño e verán unha telenovela turca á que ambos están enganchados, por máis que el o negue, e logo principiará xa a rolda habitual de concursos nas distintas canles. Moito lle gustan a ela os concursos, sobre todo ese de completar palabras e frases! E non se lle dá nada mal, eh! De feito, se estivese no plató participando, máis dunha vez tería levado o coche.

A malleira durou o que durou, un tempo indeterminado —puido ser algo máis ou algo menos que a telenovela turca—, pero máis que nada relativo, pois que resultou ser infinitamente máis prolongado para a vítima que para toda a súa pacífica veciñanza. Por máis que tanto nos pisos de arriba como nos de abaixo e nos do propio relanzo houbese outras persoas que, como a señora de en fronte, desexarían que alguén aparecese para axudar á veciña nova («si, muller!, esa rapaza fraca que ten un neno de teta»), para lle quitar de enriba o energúmeno do seu home e os seus puños aceirados, o caso é que ninguén de entre eses seres compasivos moveu un dedo nin descolgou o teléfono. «Deixa estar, non é cousa túa!», «Son problemas deles e punto», «Ti non te metas», escoitaron algúns, pensaron outros. Xa alguén se ocuparía de denunciar, seguro. E ademais, tamén era culpa dela, ou non? Porque como é posible que hoxe en día unha muller nova estea cun home así? Non entendo como non os abandonan! Elas tamén... É que ata parece que lles vai a marcha!

Ningún axente de ningún corpo de seguridade petou na porta para deter a crueldade.

Descoñécese neste momento en que estado se atopa ela, se hai costelas partidas, cantos negróns ten no corpo, se preferiría estar viva ou morta. Se o meniño presenciou ou non os golpes recibidos pola súa mamá, se chorou ata a afonía, se sufriu tamén el algún tipo de brusquidade ou maltrato, ignórase igualmente. Así como ninguén acudiu a auxilialos, tampouco ninguén se interesará por eles nos días vindeiros. Só se esperan murmurios apagados ao seu paso, miradas esquivas, algunhas cabezas baixas de covardía.

Ao porco maltratador o desafogo saíulle gratis. E poida que non fose a primeira vez, nin a segunda. E poida que no bar chegue a presumir de que a el, a el, a súa muller non lle retruca, e moito menos se lle revira, porque lle cruza a cara, fíxate o que che digo. E poida que outros clientes lle rían a ocorrencia desde a barra.

Non o invento, aconteceu hoxe.

O agonista

RUBÉN ANIDO REGUEIRO

Tíveno que botar da miña casa de moi malos modos. Era absolutamente imposíbel convivir con alguén dese xeito, así, sempre sen axudar nas tarefas domésticas, molestando sen interrupción, impedindo, nunha palabra, desenvolver o meu traballo cun mínimo de normalidade.

Agora estará abaixo no portal, canso xa de bater na porta da casa e preguntándose por que, parece mentira que non se dea conta de como é a súa maneira de ser. Non, agora está ao outro lado da rúa, fitando por entre as follas das árbores do pequeno paseo, sabe que non se pode afastar moito máis se non quere tornarse primeiro translúcido e despois completamente transparente.

—Tesme que dar un nome, un nome axeitado –esixiume un día con moita urxencia.

—Non che gusta o teu?

Negou coa cabeza tal como acostumaba, cun punto de inseguridade, como se non acertase a medir os seus acenos cun mínimo de habelencia.

Como é natural, negueime. Que pensa este, que pode vir até min e poñerse desta maneira? Non, iso non, nunca. Certo que o nome del ocorréuseme nun puro azar, pero así queda, gústelle ou non, a min éme completamente indiferente.

E aí o está, a se mollar baixo a chuvia. Un boneco, o que se di un boneco, con esa cara de paifoco, a ollar para a fiestra, sen paraugas nin nada. Sabe que non lle cómpre afastarse demasiado, pois sería doloroso para el, como se se tratase dunha pequena morte. Con todo, e sen me desdicir do anterior, quizais fose boa idea chamalo, darlle un pouco de acubillo, polo menos até escampar, mais iso significaría volver ao de sempre... Non, mellor será deixar as cousas tal como están, a pesar da mágoa que dá ver a alguén poñéndose perdido coa molladura.

Supoño que non se pode sacar algo da cabeza cando ese algo é pura invención propia. Claro que tamén inflúe o carácter dun e, ao cabo, non ser de pedra é o que ten. Voulle facer un aceno, ábrolle o portal e que suba, creo que será o máis conveniente. Ademais, é un pouco vergoña estar aí fóra todo enchoupado á vista de todo o mundo, como un home sen azos e sen vontade. Ben, xa sei que non é un home ou non o é propiamente, pero iso é o de menos no que trato de dicir. Dáme mágoa e xa está, non o podo remediar. Que suba e poñemos as cousas en claro, malo será que non cheguemos a un acordo ou a algo semellante, disque calquera diferenza é salvábel sempre e cando haxa boa vontade de por medio.

Víase vir. Alguén coma el en realidade nunca mudará. É simplemente irremediábel. Acábase de duchar e, non ben cambiou a roupa, xa volve ás andadas. Xa non queda nin migalla daquel personaxe que me daba mágoa, aí fóra a chover por el mesturado á xente, con cara de non ter roto un prato en toda a súa vida. Son incorrixíbel, ao final vai ser iso. É un forte sentimento de compaixón por alguén que tan só me pode traer, coido, contratempos e quen sabe se mesmo desgustos.

—Cando comezamos? –pregúntame desde o salón apagando o televisor. Na súa mirada hai unha luz estraña e inquietante, cun fondo agradecido.

—Cando queiras. Prepárate para volver á historia.

Por fin fíxose o silencio. Un silencio creativo, de cousa prometedora, un silencio que lle permitiu regresar ás páxinas co resto das criaturas, dos agonistas todos.

Soidade

XOSÉ ANXO SEOANE CAO

Guillerme Sánchez Miramontes, profesor de ciencias naturais do instituto masculino da cidade, estaba paseando polos xardíns do centro preparando unha saída de campo co seu alumnado de secundaria cando reparou nunha muller de non moitos máis anos ca el sentada soa nun dos bancos máis agochados.

Semellaba ser a clásica muller solitaria, sen familia nin amigos, sen máis ocupación que gastar o seu tempo deambulando por sitios afastados que a fixesen sentirse segura, lonxe das olladas furtivas da xente.

Intuía que non era moi alta, pero tampouco baixa. Estaba vestida con roupa rechamante e xa pasada de moda. A blusa colorida e gastada estaba abrochada ata o colo e a saia de táboas, engurrada. As pernas sostiñan unhas medias de seda fina e transparente con algunha que outra carreira, non moi axustadas. Os zapatos eran anchos e de pouco tacón.

O seu rostro estaba oculto por unha pamela de palla sen adornos e por unha grosa capa cosmética na que sobresaía o colorete das súas fazulas e o carmín dos seus beizos resaltados con pincel groso. Levaba postas lentes que intentaban ocultar unha mirada perdida, fuxidía, triste.

Ocupaba o centro dun pequeno banco de madeira franqueado por dous arbustos. Tiña unha bolsa de papel na que introducía a man, ao sacala esparexía unha chea de faragullas de pan polo chan que a rodeaba, congregando así, pouco a pouco, un gran número de pombas que porfiaban entre elas para ver quen levaba a mellor parte.



Ilustración de Eduardo Manuel Seoane Riveira

Guillerme tomaba notas no seu caderno de campo escribindo os nomes das árbores e flores que atopaba, tamén recollía follas secas que introducía cerimoniosamente nun pequeno fardelo. De cando en vez, de esguello e disimuladamente, pousaba a súa vista na estampa da muller dándolle de comer ás pombas, e pensaba na soidade.

Sería esa a rutina da vida desa muller? Estaría realmente soa? Sería por vontade propia, por un desengano, por un trastorno mental, pola perda dalgún ser querido? Non tiña sentido seguir por ese camiño de suposicións, polo que intentaba centrarse no seu cometido, pero había algo naquela mirada baleira, esquiva, nerviosa, taciturna que o inquietaba e por máis que se preguntaba non achaba resposta.

Non era a primeira vez que se atopaba nunha situación semellante, desgraciadamente a cidade estaba chea de persoas tristes, solitarias, desprotexidas... Pero a visión desta muller en particular estábao a desacougar excesivamente. Había algo que lle resultaba familiar e non acababa de descubrilo.

A señora rematou as faragullas, esmagallou a bolsa de papel, ergueuse con pachorra, tirou o papel nunha papeleira e distanciouse do lugar paseniñamente apoiándose nun caxato, ladeándose por causa dunha evidente coxeira. Vista por detrás aparentaba ter bastantes anos máis dos que semellaba ter cando estaba sentada.

O profesor proseguiu a súa andaina tomando notas, recollendo follas e facendo fotos. Cando chegou á casa contoulle o sucedido á súa esposa e seguiu dándolle voltas ao asunto:

De que coñezo eu esa muller?

Esa noite venceuno o sono coa imaxe da muller do parque e cando xa pola mañá se estaba a afeitar descubriuse mirándose no espello coa coitela na man e a escuma cubríndolle a cara sen saber que facer. Almorzou como un autómata e marchou para o instituto.

A intensidade do curso axudouno a centrar toda a súa enerxía no desempeño do seu traballo. Un par de semanas máis tarde realizou a visita aos xardíns cos seus alumnos e, sen querelo, como un acto reflexo, cada pouco miraba ao seu redor buscando a unha muller que lles botase faragullas ás pombas. Esa pescuda chegou a converterse nunha verdadeira obsesión. Calquera escusa era boa para ter que ir polos xardíns e así volver a atopar a esa muller que se convertera na teima que tanta anguria lle causaba.

O día que tivo que renovar o seu pasaporte cruzou polo xardín de rosas para se dirixir á comisaría do porto e tivo unha visión que o sobresaltou. Era a dunha muller que viña camiñando cara a el paseniñamente, apoiándose nun caxato, cunha leve coxeira e cunha bolsa de papel na man libre. Vestía de maneira rechamante e levaba unha pamela de palla. Era ela, sen dúbida.

Cando se cruzaron deulle os bos días. Ela non lle correspondeu. Pero non lle importou demasiado, pensou que de seguro, ao rematar cos trámites, atoparíaa sentada no banco baleirando a bolsa de papel que portaba.

E así foi. Saíu con ansiedade da comisaría e cando estaba a piques de cruzar o paso de peóns que o conducía de novo ao parque observou que no mesmo banco que a outra vez estaba a muller da pamela de palla.

Achegouse e cando estivo preto dela parou dicíndolle:

—Alguén lles ten que dar de comer ás pobres, non si?

—Si —limitouse a dicir, sen nin tan sequera erguer a vista.

Non soubo como proseguir e axiña se decatou de que lle resultaría imposíbel iniciar unha conversa con ela, polo que se limitou a se despedir cortesmente.

Os luns a primeira hora tiña garda. Logo de comprobar que todos estaban nas aulas e que non había ninguén polos corredores, e non tendo que substituír a ningún compañeiro, marchaba para a sala do profesorado. Collía o xornal e abríao pola sección de deportes para saber os resultados do domingo. Pero ese día Antón, o compañeiro de historia, empezou a falarlle dos problemas que un compañeiro de departamento tiña co alumnado de terceiro. O relato da situación remataba coa mesma observación que todo o profesorado de certa idade facía nestes temas:

—Antes, cando eu estudaba bacharelato, estas cousas non pasaban, había moita máis disciplina e os alumnos respectaban máis os profesores que agora.

Guillerme desconectou automaticamente, estaba farto de que o único argumento que saía á palestra

nestas ocasións era sempre a mesma referencia a un pasado tan utópico como irreal.

Cando quedou só asaltárono sen el querelo as lembranzas de estudante de bacharelato no instituto da súa vila natal.

Era o primeiro día do novo curso. Dentro da alegría que supoñía volver a encontrarse cos amigos de fóra da vila despois de todo o verán, estaba a preocupación polas novas materias coas que se tería que enfrontar. El era o que se di un bo estudante, pero receaba das disciplinas de letras, sobre todo do latín e do grego, polo que este ano tería que esforzarse un pouco máis se cabe.

O martes, a terceira hora, xusto despois do recreo, tiña a primeira clase de latín. Era a primeira vez que se enfrontaría coa lingua nai da propia, polo que estaba expectante. Formaron as ringleiras por cursos no gran vestíbulo de entrada e subiron silenciosa e ordenadamente ás aulas. A súa era grande, luminosa, cun estrado no que se asentaba a mesa do profesor e que se estendía por todo o ancho do enorme encerado. Sentada na cadeira e cun caderno de notas aberto enriba da mesa observaba con disimulo a chegada dos alumnos a profesora de latín. Agardou a que todos sentaran e sen mediar máis palabra comezou a pasar lista. Cando rematou indicou a páxina do libro de texto por onde o tiñan que abrir, ergueuse, colocouse no centro da tarima e empezou a recitar de corrido o tema 1:

-El latín es una lengua flexiva. Esto significa que señala las funciones sintácticas de sustantivos y adjetivos mediante desinencias añadidas al lexema. Las variaciones que presentan sustantivo y adjetivo reciben el nombre de casos. En latín existen 6 casos (nominativo, vocativo, acusativo, genitivo, dativo y ablativo) y un caso residual del ablativo (locativo), que solo tienen los nombres de ciudad de la 1ª y 2ª declinaciones. Cada uno de los casos se utiliza para una o varias funciones sintácticas...

Os rapaces ficaron abraiados ante tan sorprendente demostración memorística. Non faltaba nin unha coma, reproducía a lección a tal velocidade que non eran quen de seguir o seu ritmo.

Despois duns minutos iniciais e pasada a sorpresa, alguén lle fixo unha pregunta referida ao nominativo. Ela, sen se inmutar, sen cambiar o xesto, sen moverse nin o máis mínimo da súa posición inicial, coas súas mans entrelazadas, rebobinou e iniciou a súa alocución no principio do parágrafo que falaba do nominativo. E así toda a clase.

O xoves, tamén a terceira, tiveron a segunda clase. Máis do mesmo. O único cambio foi que ao final mandoulles un par de exercicios para a casa. Pouco a pouco os rapaces fóronse decatando da timidez da profesora e de que o seu carácter feble lle impediría controlar a clase. Os actos de indisciplina foron aumentando e cada vez se tornaban máis pesados. Ela, por algunha estraña razón, non daba parte do sucedido á xefa de estudos ou ao director, polo que os alumnos se facían aínda máis ousados e proseguían as burlas.

Rematou o curso e nunca máis se soubo da profesora.

Chegado a ese punto, Guillerme pensaba en que el nunca se burlara dela, que sempre fixera os deberes, que nunca lle preguntara nada para que tivese que coller o fío da lección de novo, que sacara sobresaliente..., como argumentos que mitigasen os remorsos que agora mesmo sentía.

Preto do mes de decembro volveu polos xardíns e por moito que mirou non viu a ningunha persoa que se aproximase a aquela que buscaba instintivamente cada vez que pasaba por alí. Xa de volta para a casa, aproveitou para mercar o pan do día e entrou nunha tafona. Había unha persoa antes ca el, unha muller cun pano que lle recollía o pelo, mercando medio molete. Había algo nesa muller que o inquietaba. Pensou que cando acabara podería vela de fronte e saír de dúbidas. E así foi, era a muller do parque. Unha nova oportunidade se presentaba.

—Bo día. —díxolle educadamente.

Ela non lle respondeu, aínda que esta vez o mirou de esguello.

Ao saír da panadería, Guillerme mirou para dereita e esquerda buscándoa. Pareceulle vela xa ao final da rúa en dirección ao parque. Dende lonxe percorreu o mesmo camiño ca ela e observou como sentaba no mesmo banco que noutras ocasións e seguía o mesmo cerimonial para alimentar as pombas e os paxariños. Non tiña présa, polo que decidiu sentar nun banco afastado para observar.

Ilustración de Carmen Castelo

Cando rematou de esmiuzar gran parte do molete de pan ergueuse amodo, abotoou a gabardina e marchou. Xa non andaba axudándose do caxato, así que camiñaba con máis rapidez. Cando alguén se aproximaba tiña a precaución de separarse ata o límite da verea, establecendo a maior distancia posíbel.

Agardou a que o semáforo se puxese en verde e cruzou polo paso de peóns. Logo meteuse por unha rúa estreita e xa lle perdeu a pista. Seguramente viviría nunha das casas que rodeaban o lugar. Eran casas grandes, ben situadas, algunhas un pouco deterioradas polo paso do tempo e o pouco mantemento, pero zumegaban un pasado esplendoroso.

Guillerme marchou para a casa cavilando no que acababa de vivir. Unha mestura de sentimentos o embargaban e non podía deixar de pensar na soidade e en como na cidade, paradoxalmente, malia estarmos rodeados de tanta xente, podemos atoparnos completamente sos.

En xaneiro, logo das vacacións de Nadal, recibiu con gran ledicia a invitación para asistir como exalumno aos actos de conmemoración do cincuentenario da creación do instituto da vila no que realizara os seus estudos de bacharelato. Por ese motivo, Guillerme asistiu o día 20 de abril de 2002 ao xantar conmemorativo. Tería a ocasión de ver moitos anos despois os seus compañeiros de estudos.

Quizais foi o destino quen o sentou na mesa a carón de don Antonio, o profesor de Ciencias Naturais de quen gardaba tan bos recordos.

—Ola, don Antonio, non sei se se acorda de min despois de tantos anos...

—Si, claro que si. Es Miramontes, creo que che dei clase de ciencias naturais en terceiro. Pero que é iso de don Antonio, atúame por favor, creo que somos colegas, non?

—Si, vostede..., digo ti..., é que se me fai raro tratalo de ti... Ti fuches a razón principal pola que eu me decantara por estudar ciencias e converterme en profesor. Sempre seguín o teu exemplo.

—Canto me alegro, saberás pola túa propia experiencia que estes momentos, este recoñecemento dos teus exalumnos é a meirande satisfacción que un docente pode ter.

E neste ton tan amigábel foi transcorrendo o xantar. Na sobremesa, Guillerme compartiu as súas

reflexións verbo do tema da disciplina nos centros de ensino e falou precisamente dos argumentos esgrimidos non había moito tempo polo seu compañeiro de historia. E puxo sobre a mesa o caso da profesora de latín que el tivera no instituto.

—Antonio, ti debes lembrarte dela xa que tamén eras profesor do instituto nese tempo. Era unha profesora nova, moi tímida e que tivo bastantes problemas de disciplina co seu alumnado.

—Refíreste a Conchita? Si, claro que me acordo.

—Efectivamente, dona María Concepción, agora me lembro!

—Eramos os dous profesores non numerarios e ademais os máis novos de todo o claustro —recordou don Antonio.

—Era remisa a relacionarse con calquera compañeira, e menos cos homes. Sentaba sempre no currunchо máis acochado da sala, nunca iniciaba unha conversa e cando respondía, facíao con monosílabos. Nunca te miraba aos ollos e cando se sentía observada ou querían metela nas charlas sempre marchaba sen mediar máis explicación que un tímido adeus —proseguiu.

—Sempre me chamou a atención a maneira que tiña de fumar, facíao de maneira compulsiva, apagaba o cigarro esmagándoo ben no cinseiro e gardaba as cabichas no bolso.

—Cando intuín que o estaba a pasar mal, achegueime a ela e ofrecinlle apoio, pero non recoñeceu a situación e limitouse a me dar as grazas —confesou con gran pesar.

—E soubeches máis dela? —preguntoulle Guillerme, consciente de que entre ambos os dous estaban a abrir un cofre que gardaba con tres cadeados antigos sentimentos de profundo desconsolo.

—Si, de maneira casual. Cando o ano seguinte me contrataron noutro instituto coincidín cunha profesora de latín que ao saber que eu estivera neste instituto o ano anterior preguntoume se coincidira con Conchita. Ao dicirlle que si díxome que ela fora compañeira de carreira, a única coa que se relacionara esporadicamente. E tirando do fío foime contando a súa historia.

Segundo ese relato, a vida de María Concepción estaba marcada pola traxedia que lle supuxo ser orfa de nai dende os quince anos. Era filla única dun matrimonio formado por un dos avogados máis recoñecidos da cidade e pola sobriña dunha muller con título nobiliario. Criárase nos salóns das casas máis ricas da cidade, pero tamén máis rancias, en todos os sentidos. Soamente a relacionaban coas nenas do seu igual e recibiu a clásica educación formal e feminina interna nun colexio de monxas de moito prestixio.

Cando estaba cursando os estudos de bacharelato faleceu de súpeto a súa nai, o seu único sustento emocional e afectivo, e entrou nunha profunda depresión. Pechouse en si mesma e apenas se relacionaba con máis persoas que o seu pai e familiares. Despois de perder o ano, iniciou de novo os estudos, e aínda que non tiña gana de facer nada, o pai empeñouse en que tiña que facer unha carreira e a máis axeitada para ela, segundo as monxas, era a de linguas clásicas. E así foi, pasou pola universidade con moi bo expediente pero sen cultivar amizades. Xa rematada a carreira tivo un pretendente polo que sentía afecto, pero, non se sabe moi ben por que, as cousas torcéronse e volveu a quedar soa.

Cando empezou a traballar como profesora de latín e grego no instituto pensaba que coñecería outra xente e que a súa soidade remataría, pero a súa experiencia como profesora foi fatal. Era incapaz de controlar o alumnado e pasouno realmente mal. Non é de estrañar que abandonara o traballo ao rematar o curso. Ademais un ano despois faleceu o seu pai.

Logo dun conmovedor silencio, Guillerme contoulle o que lle acontecera nos xardíns da cidade había uns meses. Faloulle da muller que lle daba faragullas de pan ás pombas e dos tres encontros que con ela tivera.

—Agora xa sei por que me resultaba tan familiar! —confesou.

—E que vas facer a próxima vez que a vexas? —preguntoulle don Antonio.

Logo de pensalo un momento, Guillerme, entristecido e apesarado contestoulle:

—Dicirlle: «bo día teña vostede, dona María Concepción». E agardar a súa reacción, supoño.

Unha tregua

PARIS JOEL

Fomos por sempre apaches,
foraxidos sen Bonanza,
perdemos o medo ao lobo,
que volveu á terra parda.

Da casa do reloxo
levamos a Nocilla,
e das augas de Cousteau
secounos María Luisa.

Cun mostacho de Torete,
mercamos campás de pana,
a auga de fogo, "Four Roses",
O corvo inxenuo, "Mandrágora".

Dos ríos fomos Benvidos,
dos mares semente branca,
e da colza e MacMillan,
simplemente resaca.

Agora, na reserva,
entre xanelas e mazás,
no peto unha cadea, e
por libro, unha faciana...

Róubannos a dozura de ser,
simplemente, apaches,
amigos
a pedradas.

O día que morreron os gatiños

VANESA SANTIAGO

O 6 de agosto de 2022 anunciouse unha vaga de hipercalor ou calor extrema. Esa información desmentiuse posteriormente, pero algunhas fontes minoritarias seguiron insistindo en que "el 6 de agosto morirán los gatitos", debido a que non resistirían as altas temperaturas.

Eu considerei unha destas fontes o bastante confiable como para asustarme. E dediqueime o 5 de agosto a repetir cada hora en redes que por favor a xente con gatos non os deixase na rúa o 6 de agosto. Que os gardasen dentro das casas e tivesen caixas con xeo ao seu alcance de xeito constante.

Como non teño moita ascendencia en redes, pouca xente me tomou en serio. A ver, eu creo que tampouco non me tomaría en serio a min mesma falando da morte dos gatiños, hai que entendelo.

Pero chegou o 6 de agosto de 2022, e contra todo prognóstico, mesmo os que foran rexeitados por alarmistas, as temperaturas subiron. E subiron. E subiron.

En todo o mundo rexistráronse valores por riba dos 50 graos Celsius, e na Península Ibérica, por exemplo, acadáronse 61 graos en varios puntos, e o récord de 63 en Andalucía.

Os gatiños morreron. Os seus cadáveres ficaron nas rúas sen que ninguén os lembrase. Ao cabo, non foron os únicos que colapsaron. Os seres humanos vímonos nunha situación un chisco dramática tamén.

Pero a calor pasou, por esta vez. Cambios climáticos houbo sempre, seica. Enterramos os mortos. Sufocamos os incendios. Reparamos os aparellos estragados. E, cando todo volveu á normalidade, máis ou menos, eles xa non estaban miañando nos tellados nin cazando paxaros nos parques nin mordiscando antenas dos coches aparcados polas rúas.

Os gatiños morreron. Só se salvaran aqueles cuxos propietarios escoitaran as voces estrañas que falaban catástrofes. Iso abondará para que os gatos volvan repoboar o mundo. Pero, abondará para que poidamos volver vivir sen escoitar a quen vén avisando de que a humanidade se dirixe cara ao inferno?

Por certo, agora duplicáronseme os seguidores nas redes sociais. Tampouco e que me fagan máis caso que antes, agora que o penso. Así a todo, se tedes curiosidade, buscádeme. Quen sabe. Podería dicirvos o día en que todo remata.



Ilustración de Carmen Castelo

TEXTOS GAÑADORES DO CERTAME DE POESÍA
(RE) INVENTANDO FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

No marco da celebración do Día das Letras Galegas 2022, o Concello de Sada convocou o certame de poesía (RE) Inventando Florencio Delgado Gurriarán. As persoas participantes debían presentar un poema concibido a partir dun verso do autor homenaxeado. Na 1ª categoría (ata 13 anos), a gañadora foi María González Blanco; na 2ª (dos 14 aos 17) venceu Amalia Blanco Pose, e na 3ª (a partir de 18) obtivo o premio Xulián Barros Reimúndez.

«Ao meu carón»

MARÍA GONZÁLEZ BLANCO

F. Delgado Gurriarán, por Anxo Santomil [RAG]

Vente, ventiño do Norte,
non te quedes atrás,
polos ríos e polos montes
ti has de navegar.
Non esquezas polos pobos pasar,
que as xentes cho agradecerán.
Tocarán a campá de benvida,
as follas das árbores voarán.
Ti serás o retrouso
dunha bonita canción.
Unha cantiga galega,
que cantas por unha boa razón.
Andas recollendo arelas
e cunchas no mar,
nesta fermosa terra
que todos temos que amar.
Ai! ventiño do norte,
nun tarro voute gardar.
Cando vai chegando a noite,
durmo ben de te escoitar.

Lume e xuízo

AMALIA BLANCO POSE

As xestas e as uces
quéixanse do vento,
do vento, que brua
nas arbres batendo.

O lume condénase a si mesmo,
no xuízo máis precario.
Remata coa súa incandescencia,
deixa de ser, de chiar.

A auga afógase, pragada da pólvora
máis tóxica. Afógase e arde a barlovento,
segue o transcurso dun reloxo a deshora
e leva as súas augas a contracorrente.

A terra praguea ó aire, ceo e estrelas.
Xulga a liberdade, xulga o velear sen destino.
Deixa saír un alarido coas voaniñas,
autoconsómese, remata no fado máis desaposto

O xuízo, un furacán caótico.
Unha idealización abxurada.
In artículo mortis,
só queda o tempo.

Sensación melífera que se cre inacabable,
ilusión fuxidía, cadeas en bonecas e xeonllos.
Pero hoxe existe un prodixio,
xuíz de Deus, asestando balazos a toda
precariedade.

Remata o xuízo.
A auga só respira.
O lume só olla.
A terra só razoa.

Existencias

XULIÁN BARROS REIMÚNDEZ

Vente, ventiño do norte,
escóitalo?
Non o sentes?
É o latexo de mil vidas
esquecidas
enterradas nalgures
por un predicador idiota
que nunca creu
na beleza dun beixo clandestino
que pasa a noite danzando
de boca en boca.
Nin en almas resucitadas tras íntimas viaxes
polas liñas dun corpo
eternamente visitado.
Tampouco en escuras bágoas feitas luz
pola maxia
dunha verba asasina de ausencias.
Mais tamén é o son dunha triste canción
convertida en gargallada
por dous corazóns solitarios
que celebran aínda sorprendidos
a miragre de terse encontrado.

ACTIVIDADES | BICENTENARIO DE JOSÉ Mª MONTES

O pasado día 2 de decembro celebrabamos o segundo centenario do nacemento do escritor José María Montes (Osedo, 1822-1892). No acto presentouse un amplo *Caderno de Estudos Locais* que recolle unha selección da obra de Montes (poesía, artigos xornalísticos e teatro), sen reeditar desde o s. XIX ou ciscada pola prensa da época. Unha representación da Escola Municipal de Teatro de Sada recitou un poema do autor e levou a cabo unha lectura dun fragmento da súa comedia *Honor Gallego*.

José María Montes, que naceu, viviu e morreu en Sada e mesmo ocupou a alcaldía en varias ocasións, foi unha figura relevante na Galicia do seu tempo e é un personaxe a recuperar.

En un estado comparativo de todas provincias, quedaría mejor parada nuestra preciosa Galicia; pero ¿a qué atribuir su eterna desventura, condenada como fue de antiguo a no participar de las reformas vitales realizadas en otras regiones? [...] Ahora esa Galicia resignada yergue con altivez su frente, y colocada su planta en la senda del progreso no retrocede ni retrocederá hasta conseguir la posesión de sus constantes aspiraciones.

José Mª Montes (*Eco de Galicia*, 18/03/1883)

FISIOTERAPIA
SADA
981 623 411 - 618 818 174
fisioterapiasada@gmail.com

PANADEROS
desde 1948
PASTELERÍA - HELADERÍA
CARNOEDO
Chan da Aldea, 14
981 623 225
FONTECULLER
Avda. Fonteculler, 27-29
981 650 225
SADA
R/ Pontedeume, 7
981 624 695
A CORUÑA
R/ Juan Flórez, 62
981 912 391

Albaxeira
Tetería Bar
Rúa da Obra 6 SADA (A Coruña)

Sempre estar, donde queres estar
Solana
~ Terraza ~
Avenida del Puerto nº5 - Sada - La Coruña

areal
revista cultural de Sada
SE QUERES
COLABORAR
CON NÓS, PODES
FACERTE SOCI@
DA A. C. IRMÁNS
SUÁREZ PICALLO
EN AREAL.GAL

SERICUM
graphe
TALLER DE SERIGRAFÍA - DENDE 1979 -
RÚA VENEZUELA 3 - SADA 677 702 747
SERICUM_GRAPHE INFO@SERICUMGRAPHE.COM
WWW.SERICUMGRAPHE.COM

Panadería
M. COBOS

ESPECIALIDADES:
Empanada Gallega - Tortas de Anis
Bollería de todo tipo - Tartas caseras
Torta Roscón

Rosalía de Castro, 4 bajo izqda.
15160 FONTÁN - SADA (A Coruña)
Telf. 981 620 973

PABLO PITA
PELUQUERÍA MASCULINA

AV DA MARIÑA Nº 18-19 | ENTRESUELO B
TELÉFONO PARA CITAS: 722793090
TAMBIÉN CITAS POR WHATSAPP

EL CANALLA
sada
avda. do porto, 30

Roberto Ríos
centro de peluquería belleza y bienestar
ESCUELA DE DANZA CARMEN LÓPEZ
Baile peques, jazz, zumba, ballet adultos, bailes latinos, GAP-ABP, danza del vientre, pilates
Síguenos en facebook
C/Betanzos, 1-bajo 15160 SADA (A Coruña)
Telf.: 881 872 352

BEBES Y JUGUETES
Plaza de la Iglesia, Nº 1
Telf.: 981.62.38.78
BICIS Y JARDÍN
Calle Chaburra, Nº 12
Telf.: 981.62.36.05
ciclos Paco

BAR
A Nosa Viña
C/. Obra, nº 12 - 15160 SADA (A Coruña)
Tfno.: 675 648 367

EL ESTANCO de Papi
Avda. Barrié de la Maza, 64.
15160 SADA

Marichelo
Lencería
Avda. Da Mariña, 13 - Telf.:981 620 418
SADA

Taberna
A Perla
CARNES Y PESCADOS A LA PIEDRA
RESERVAS
881 943 754 – 658 370 637
Praciña do Conde, 5, SADA - A Coruña

Galerna
CERVECERÍA - MESÓN
Avenida del Puerto 25 – 2
Tel.: 981 977 020
SADA

MESÓN
Costa da Morte
981 62 19 78
Travesía Delicias, n. 4
15160 Sada

asesoría pérez
Administración de fincas · Seguros
A. Fiscal y Laboral · Inmobiliaria
Avda. República Argentina, 24
Telf. 981 62 02 83 - Fax: 981 62 14 62
Móvil: +34 687 717 098
Email: asesoriaperezweb@gmail.com
15160 SADA (A Coruña)
www.asesoriaperez.es

IC CENTRO DE FISIOTERAPIA
Inés Calaza Cal Col. Nº 990
C/La Laguna 44, bajo 7
15160 Sada (A Coruña)
662 42 85 43
ic.fisioterapeuta@gmail.com

covad'anca
fontán - sada

alda hotels
BEST PRICE, LOCATION AND SERVICE

COPITECdixital
www.copitecdixital.com
imprime, copia, escanea, envía
info@copitecdixital.com 981 77 50 69 660 399 765
C/ Rosalía de Castro 14 b 15.00 BETANZOS - A Coruña

TUMBADOIRO
GEAR SOLUTIONS
www.tumbadoiro.com
R/Tumbadoiro 13, 15168
Meirás, Sada (A Coruña)
Telf.: +34 981 62 33 83
Fax: +34 981 62 10 37
Email: tumbadoiro@tumbadoiro.com

CASA DA CULTURA "PINTOR LLORÉNS"
CAFETERÍA
Avenida do Porto, 15160 Sada, A Coruña

ArtBy's
GALERÍA DE ARTE
San Andrés, 122 15003 A Coruña.
981.905.449 680.430.779 Artbys.es

AREAL NON SE RESPONSABILIZA DA OPINIÓN DAS AUTORAS E AUTORES

www.areal.gal

NA VILA DE SADA
ROCK FOR LIGHT
FERMOSAS TATUAXES FEITAS POR PÉREZ NA PRIMEIRA TRAVESIA DA OBRA PRA XENTE DO SEU RUEIRO OU PRA QUEN AS QUEIRA LEVAR NO SEU CORPO
IDEA NACIDA
NA VILA DE VIVEIRO
E MAIS ESCOIRAS DE SILÁN

Copy Sada
Centro de impresión digital
Estampación textil
Impresión 3D
Ploteos-Rótulos
Praza da Igrexa Nova, 16
15160 - Sada, A Coruña
Telf: 881.892.983 - 644.633.884
ventas@copysada.com

MESÓN NORDESTE
FONTAN - SADA

Opinión e actualidade

[1] A entrevista: Francisco Pérez Porto, ceramista

[7] Colectivos de Sada. Club Atletismo Sada

[10] Por fin Magdalena conta cunha colección de Celtia, O Castro e Sargadelos | José Luis Meirás

[13] Petrov | Manuel Lugrís Rodríguez

Estudos Locais

[16] A miseria como castigo. Represión económica e laboral na Sada da Guerra Civil e da primeira posguerra | Manuel Pérez Lorenzo

[25] A movida sadense na primeira metade da década dos anos 80 | Carlos Babío Urkidi

[32] Desaproveitada, descoidada e con taca-taca | Miguel Mosquera García

Estudos Xerais

[34] As pandeiretas do alén mar. Paixón pola música de quen nunca pensara chegar tan lonxe | María Xosé Porteiro

[38] Cincuenta anos das Galerías Sargadelos | María América Díaz

[42] Unha obra sepultada. Un artista esquecido | Claudia Varela Lourido

Documentos

[48] Unha carta do párroco de Veigue ao alcalde de Sada no ano 1847

[50] Un artigo de Freire-Calvelo sobre as lendas da Covadanza

[52] Catro fotografías de F. Varela Posse en *El Ideal Gallego*

[54] A imaxe comentada | Memoria de Sada

[55] O curruncho da lingua | Mercedes Leobalde

[61] As recomendacións de Sergio Modia

Creación

[62] Mercedes Leobalde | Rubén Anido Regueiro | Xosé Anxo Seoane Cao | Paris Joel | Vanesa Santiago | María González Blanco | Amalia Blanco Pose | Xulián Barros Reimúndez

[74] Actividades. Bicentenario de José María Montes

edita

patrocinan

CONSULTA TAMÉN A REVISTA ÍNTEGRA NA SÚA EDICIÓN DIXITAL

www.areal.gal